

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 24 (CONT.)

SESION ORDINARIA DO 13 DECEMBRO DE 2010

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velooso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martíño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota
Romero Rodríguez, Begoña

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as dezanove horas e cinco minutos do día trece de decembro do ano dous mil dez, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martíño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz, Romero Rodríguez e Velooso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA,

continuación da realizada o día 29 de novembro e suspendida no punto 5 da orde do día pola Alcaldía-Presidencia, conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello número 24 en sesión ordinaria, continuación da realizada o día 29 de novembro que tivo que ser suspendida e aprazada por imposibilidade de continuar os debates nas circunstancias de normalidade nas que se ten que desenvolver o Pleno do Concello. Procedemos co Pleno no punto no que o tiñamos deixado. Ábrese sesión pública.

5.- MOCIÓNS:

5.1.(294). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DEMANDANDO ATENCIÓN E SERVIZOS DE CALIDADE NA SANIDADE PÚBLICA. EXPTE. 64/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 28 de outubro, expediente 64/1101, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“Existe moita preocupación entre a cidadanía pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso concello como da Área de Saúde á que pertencemos.

Nos últimos anos estamos observando e sufrindo unha deterioración dos servizos públicos que se concretan no caso da sanidade nun incremento das listas de espera, mesmo en atención primaria; nun incremento da derivación a centros privados concertados; no peche dos hospitais pola tarde, na paralización do Plan de Mellora da Atención Primaria e ultimamente na ameaza de privatización e financiamento público privado das novas infraestruturas sanitarias. Todo isto

acompañado e, en parte, motivado pola redución de gasto sanitario público e a redución de recursos correspondente.

Creemos que estamos ante un momento importante para o noso Concello, no que a Corporación Municipal, como representantes do conxunto da cidadanía, indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, debe estar á altura do que os veciños e veciñas demandan e traballar conxuntamente para que no noso concello se poida dispor e acceder a servizos da sanidade públicos de calidade.

Non se pode nin se deben admitir os intolerábeis niveis de saturación e de falta de medios e de recursos sanitarios que se están a producir. Os concellos da Área de Saúde á que pertencemos, necesitan uns servizos públicos de sanidade acordos co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais de contratación de persoal, cubrindo en todo momento o 100% das ausencias por enfermidade, permisos e vacacións, que eviten a actual mingua da calidade asistencial.

Segundo.- Esixir que, de forma inmediata, se doten dos recursos necesarios os centros de saúde do Concello para evitar listas de espera.

Terceiro.- Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

Cuarto.- Manter o Plan de Mellora de Atención Primaria, garantindo a adecuación dos tempos de consulta médica, a extensión dos coidados e plans de coidados de enfermaría e dos servizos administrativos de atención ao usuario.

Quinto.- Redución drástica das listas de espera e tempos de demora das consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos.

Sexto.- Paliar a carencia de recursos públicos socio-sanitarios da Área Sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

Sétimo.- Manter os compromisos económicos establecidos coa nosa Área Sanitaria, para desenvolver o Plan Director de Infraestruturas Sanitarias 2008-2013 e o Plan de Investimentos en Alta Tecnoloxía Médica.

Oitavo.- Financiar a construción e equipamento de infraestruturas sanitarias mediante financiamento público 100% a través do capítulo IV de orzamentos do

Servizo Galego de Saúde ou, na súa falta, mediante a empresa pública de investimentos Sociedade Pública de Investimentos de Galicia (SPI).

Noveno.- Apoiar cos medios dispoñíbeis as actuacións das organizacións de defensa da sanidade pública galega e local.

Décimo.- Trasladar o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, á Conselleira de Sanidade e ao conxunto da poboación, dándolle a máxima difusión posíbel cos medios dispoñíbeis no Concello.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de novembro, ditamina favorablemente.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Nesta moción tiñan intervido a Sra. Méndez Piñeiro no nome do Grupo do BNG presentando a moción; interviñera polo Grupo Socialista don Carlos López Font e estabamos no momento da intervención do representante do Grupo Popular, concelleiro Sr. López-Chaves. Iniciamos por tanto a sesión coa intervención do Sr. López-Chaves cun tempo de cinco minutos.

DEBATE.- SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO. Dicíamos o outro día da importancia dos servizos públicos sanitarios e nestes últimos días vimos ademais a noticia do cumprimento dun compromiso do presidente Sr. Núñez Feijóo en relación co hospital de Vigo, como foi a adxudicación da obra do devandito hospital.

Foi unha mostra do cumprimento deses compromisos electorais que fronte a outros que anunciaron moitas cousas durante estes últimos anos, mesmo tamén en relación co hospital, nunca cumpriron as súas palabras nin foron quen de iniciar, xestionar ou adxudicar ningunha obra relacionada coa importante infraestrutura sanitaria pública que supón o hospital para a nosa cidade.

Todo o que fai referencia aos servizos públicos sabemos da súa importancia, sobre todo cando son sanitarios. O concepto de servizo público é un concepto moi heteroxéneo que inclúe nun sentido amplo calquera tipo de actividade pública e nun sentido xa máis estrito a atención técnica prestada de forma regular e continua dirixida ó público para a satisfacción dunha necesidade pública e atribuída a unha entidade pública. Así o define a doutrina.

Por iso vimos nos últimos días como dende o goberno municipal e máis

exactamente dende a figura do Sr. Caballero, a confusión que existe entre o público e o privado. Afirmou que o hospital é privado descoñecendo todo o que isto significa dende un punto de vista doutrinal e xurídico. É un erro grave que xa dende a Lei de obras públicas de 1837 que cualificaba de obra pública a que fose de interese xeral, de xeral uso e aproveitamento como vai ser o hospital público, e ese afán de querer confundir á poboación é unha mostra máis da falta de capacidade de xestión e amosa sinxelamente o obxectivo de tratar de confundir e opoñerse á maior infraestrutura pública sanitaria dos últimos anos que se vai construír en Galicia.

Pero para que esa infraestrutura necesaria e pública funcione fan falla tres elementos como para calquera outro servizo público: persoal público, unha infraestrutura axeitada e financiamento. Xa vimos o que pasou durante os catro anos de goberno bipartito nos que nin PSOE nin BNG foron quen de cumprir ese compromiso. Non existiu compromiso, nin capacidade de xestión, nin resultados.

En cambio agora estase a cumprir ese compromiso, pero sen embargo vemos que dende o Partido Socialista e do BNG trátanse de opoñer, non só á construción senón ao que significa a sanidade como servizo público. Vimos as declaracións do secretario xeral do Partido Socialista acusando ós médicos de cobrar trinta euros por cada alta que dean aos pacientes para que non realicen probas diagnósticas; vimos en materia de infraestruturas que en catro anos non foron quen de licitar nin de iniciar un só hospital en Galicia e non só iso, senón que en catro anos non foron quen de iniciar e rematar un centro de saúde, non só en Vigo senón en toda Galicia. En cambio vemos a diferenza de xestión do Partido Popular que xa adxudicou a construción do hospital.

Falan de cantidades. Efectivamente hai un canon que hai que pagar todos os anos pero se se compara sinxelamente co que se paga por un hospital como Can Misses, adxudicado por un goberno socialista e nacionalista en Menorca e que é o segundo hospital que se constrúe por este sistema de pago aprazado en Mallorca, por 224 camas o prezo son 700 millóns de euros. Este vai ter 1.460 camas e o prezo son 1.100 millóns de euros. Vemos por tanto que dende un punto de vista económico nese sentido é máis rendible que os hospitais que se adxudican por parte dos gobernos socialistas e nacionalistas.

Fala tamén de privatización da sanidade. Isto é un dato importante, son os concertos de sanidade privada que adxudicou o goberno bipartito durante os catro últimos anos: incrementáronse os concertos coa sanidade privada nun 44%, de 103 millóns de euros pasouse a 149 millóns. Isto foi o compromiso que tiñan coa sanidade pública e o apoio á sanidade privada por parte do goberno bipartito. En relación con este hospital cremos por tanto que, dende o punto de vista do interese da cidade de Vigo, a súa adxudicación e que se inicie a construción é unha gran noticia. Á parte hai que ter en conta que a situación económica, que é o outro elemento capaz de garantir calquera funcionamento dun servizo público, é a capacidade de pagamento dese servizo público.

Vostedes deixaron un buraco en Galicia de 2.600 millóns de euros, por tanto o goberno do Partido Popular atopouse coa necesidade de acudir a sistemas de pagamento aprazado para garantir a construción. Isto demostra a capacidade dun goberno da Xunta de Galicia, que a pesar deses compromisos adquire só en débeda a comunidade autónoma un 1%, a diferenza do goberno do Sr. Zapatero que incrementa o déficit ata un 11%.

Polo tanto dende o Grupo municipal do Partido Popular apoiamos esta construción, felicitamos ao goberno da Xunta de Galicia por ter adxudicado este hospital neste curto prazo de tempo e que vai ser unha importante mellora da sanidade, mesmo xa anunciaron que o 65% das habitacións van ser individuais. Só iso xa supón unha enorme mellora en relación co que existía antes ou co que existe agora na nosa sanidade en Vigo.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Acabamos de quedar abraiados polo panexírico que ven de facer o Sr. López-Chaves a respecto dun hospital que se tiña programado para ser público e acaba de privatizarse pola parte do goberno do Sr. Feijóo.

Vostedes comprométense a facer o hospital e lánzannos o hospital; comprometéronse a tantas cousas que realmente chama a atención. Comprometéronse a rematar co paro en Galicia e gustaríame salientar que neste intre o 32% dos parados que hai no Estado Español este mes corresponden precisamente a Galicia. Isto é o que fixo o Sr. Feijóo, estes son os seus compromisos. O 60% da poboación galega activa está gañando menos de 1.000

euros, estes son os compromisos do Sr. Feijóo.

Nestes momentos se vostedes se comprometen co hospital privatizado que fixeron, como se comprometeron vostedes co paro e coa crise que está a padecer o noso país, eses son os reflexos das políticas que vostedes fan.

Hai unha cousa que me gustaría salientar: menten en todo o que fan e menten cando din que imos pagar 56,6 millóns de euros cada ano. Non, Sr. López-Chaves, por un hospital privatizado todos os galegos e galegas imos pagar 70 millóns de euros ao ano ata o ano 2030. Isto é o que lles deixamos aos nosos fillos.

En Vigo poderíamos ter un grande hospital público e o que imos ter exactamente é un grande hospital privatizado. Pero non só o hospital senón que tamén se van privatizar todos os centros de saúde, dezaseis que se constrúen neste ano, mesmo se van poder vender caramelos e lamberetadas en todos os centros de saúde e un día destes atoparemos nos hospitais unha tenda de Zara porque vostedes lle deron a concesión. Isto é a realidade do Partido Popular que nos pretenden vender coma ese grande hospital que ía ser público.

Dende o BNG imos seguir traballando porque efectivamente este hospital sexa público e porque os centros de saúde que se constrúan sexan verdadeiramente públicos e non privatizados coma é a sanidade do Sr. Núñez Feijóo, á que logo aínda por riba haberá que ir ao rescate e volverá saír o diñeiro dos nosos petos, de todos os galegos e galegas e de todos os vigueses e viguesas.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, en demanda de atención e servizos de calidade na sanidade pública,

co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2.-(295). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE AXILICE AS OBRAS PENDENTES DE NAVIA E AS REFORMAS PRECISAS NO COLEXIO PÚBLICO ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO. EXPTE. 84/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de novembro, expediente 84/1101, o voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“O barrio vigués de Navia conta actualmente cunha poboación aproximada de 15.000 persoas, converténdose polo seu rápido crecemento nunha das zonas máis populosas da nosa cidade e, como tal, merece da máxima atención das administracións públicas competentes.

A Xunta de Galicia ostenta amplas competencias en Navia que está a desatender, deixando no abandono a tantos vigueses e viguesas que alí residen. O goberno de Núñez Feijóo non está a adicar partidas económicas para o barrio e as melloras previstas están a acumular meses e meses de atraso, o que preocupa seriamente aos veciños e a este grupo municipal.

Constantemente temos coñecemento de queixas e informacións que deixan claro o desinterese do goberno do PP en Santiago por Navia e os seus veciños e veciñas, como por exemplo o atraso acumulado nas novas promocións de vivendas de protección pública, o total abandono dos espazos abertos entre os edificios, os permanentes problemas para a finalización da zona verde ou as deficiencias nas que está somerxido o colexio público Alfonso Rodríguez Castelao.

O evidente abandono ao que ten sometido a Xunta de Galicia ao barrio de Navia require dunha protesta formal e unánime de todos os grupos políticos que conforman este Pleno, en representación da cidade de Vigo, que asiste atónita ao desleixo do goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia no devandito barrio vigués.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a que acometa con celeridade todas as obras que a administración autonómica ten pendentes no barrio vigués de Navia, tanto na urbanización como na zona verde, e efectúe as reformas que precisa con

urxencia o colexio público Alfonso Rodríguez Castelao.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de novembro, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SR. MARIÑO MENDOZA: Se o outro día viña a conta esta moción, logo dos feitos acontecidos nos últimos días aínda moito máis.

En Navia asinouse un convenio no ano 96 para un ámbito de máis de 700.000 m2 cunha edificabilidade de máis 700.000 m2, calculada aproximadamente para unhas 25.000 vivendas. Ese ámbito conta cunha zona verde de 146.453 m2. Segundo os planos está dividido en distintas parcelas pero é unha única actuación de zona verde.

Ademais das que xa había, nas últimas semanas deuse licenza de primeira ocupación a 700 novas vivendas e pola información que temos da Xunta de Galicia polos certificados de validación, nos próximos días daranse dende a Xerencia de Urbanismo deste Concello outras 200 licenzas e antes de finalizar este anos vivirán en Navia máis de 12.000 persoas.

Neste intre xa están totalmente construídos os edificios, están rematadas as etapas primeira, segunda e terceira. Pero o máis significativo é que as zonas verdes, que deberían construírse á vez que os edificios, nin están nin se lles espera. Temos un gran parque central de 90.000 metros cadrados practicamente paralizado, na mesma situación que estaba cando esta Xunta de Galicia chegou ao goberno hai dous anos e por diversos motivos o parque nestes momentos segue parado.

Dende a Xunta de Galicia non se amosa ningunha data, ningún prazo que acredite cando se vai poder abrir esa zona verde e cando eses 12.000 veciños van poder gozar dela, moitos máis veciños dos que teñen a maioría dos concellos desta comunidade autónoma. Agora mesmo estes veciños non contan máis que cunha zona verde que rodea o edificio que realizou o Instituto Galego de Vivenda e Solo e iso porque se esixiu dende aquí porque senón nin sequera iso terían.

En primeiro lugar son lamentables as declaracións que emitiu a delegada da Xunta en Vigo, dona Lucía Molaes, dicindo que non era competencia da Xunta e que eran os propietarios dos inmobles quen tiñan que arranxar esas zonas. Uns

días máis tarde atopámonos con que o conselleiro, don Agustín Hernández, di que non, que ten que ser o Concello quen arranxe esas zonas.

Espero que neste caso o seu voto sexa claro porque vostedes levaron Urbanismo durante moito tempo e saben perfectamente que esas zonas verdes son competencia da Xunta de Galicia que é o axente urbanizador e quen as ten que desenvolver, exactamente igual que en todos os PERIs desta cidade.

Por todo isto considero moi graves as acusacións e difamacións que emitiu o conselleiro porque deixan moi claro que ou ben non ten idea de Navia, nin o segue, nin se interesa polo que pasa nesta cidade e teno absolutamente abandonado igual que todos os proxectos desta cidade, ou ben é que mente e iso aínda sería máis grave.

Se realmente o que fai é vir a Vigo en dúas ocasións para difamar e dicir que é outro quen o ten que rematar, vostedes que coñecen este plan, saben perfectamente que esas zonas verdes teñen que ser executadas pola Xunta de Galicia e recibidas por esta administración, o parque de 90.000 metros cadrados e os 60.000 metros cadrados que rodean aos edificios.

A Xunta tamén debería poñer en marcha as novas etapas de Navia porque levan dous anos absolutamente paralizadas. Esa modificación para que puidese albergar máis vivendas debido ao cambio de normativa quedou iniciada e neste intre estamos exactamente no mesmo punto e o único que escoitamos da Xunta de Galicia é que non hai cartos, non é o momento, non se vai executar. O que é aínda máis grave é que ata despois de maio do ano que ven non van tomar ningunha decisión, segundo o goberno que estea nesta cidade tomarán as decisións.

Gustaríame deixar moi claro que estamos a falar dunha necesidade cidadá, doce mil persoas van vivir en Navia e non contan con zonas verdes. Iso non sucede en ningunha parte do territorio galego.

Todos coñecemos a situación de Navia e o índice de nenos que hai alí e por iso tamén me gustaría pedir dende aquí que se amplíe dunha vez o colexio público. O Concello ten unha parcela de uso educativo xusto a carón do colexio e estaría disposto a que alí se ampliase para todas as necesidades que teñan para que Navia conte coas dotacións educativas necesarias.

Polo tanto que a Xunta de Galicia deixe de mirar cara outro lado, deixe de mentir porque os documentos son moi claros e os do proxecto de urbanización son da Xunta de Galicia coma absolutamente pasa en todos os PERIs, o Concello o único que fai é recibilos. Dous anos de xestión do goberno de Núñez Feijóo e Navia segue exactamente igual. As vivendas entregáronse cando estaban practicamente rematadas hai uns días e as zonas verdes están absolutamente desaparecidas.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Dende o ano 2006 no polígono de Navia se teñen desenvolvido procesos de creación de cidade como Vigo non lembraba dende a conformación do polígono de Coia. Nos anos 2006 ao 2009 as licenzas de construción de edificios de Navia e a progresiva incorporación da cidadanía a esas vivendas arroxa datos espectaculares: Máis de 3.500 vivendas construídas para os sectores sociais con menos recursos pero cunha calidade construtiva e uns parámetros técnicos que nada lle teñen que envexar á construción non sometida a un réxime de protección.

Para acadar estes obxectivos houbo que desbloquear durante estes anos moitos atrancos: promotores que non querían construír, propietarios de cotas que se empeñaban en obter beneficios especulativos pola súa participación, etc.

Paralelamente tívose que refacer a rede de servizos urbanos gravemente deteriorada. Tamén se licitou e construíu un edificio de vivendas públicas coa promoción de vivenda pública máis importante que se tiña feito nunca nesta cidade e en Galicia. Esta tarefa levouse gracias á aposta da anterior conselleira de Vivenda, dona Teresa Táboas e, por que non dicir, coa humilde colaboración de quen lles fala.

E todo isto fíxose contando no goberno local daquela cunha contrincante política da que non vou dicir o nome porque senón se nos pode dicir que sempre estamos a falar dela. O noso traballo non se facía pensando na posible rendibilidade que obtivera ese contrincante del. Cremos no servizo á cidadanía e na intelixencia da mesma para valorar o esforzo e participación de cada quen. Este esforzo supuxo un investimento público en tres anos de cincuenta millóns de euros.

Ademais entendiamos que era necesario xerar un espazo verde de calidade que

lograse estar á altura e cos mellores estándares. Fíxose un concurso público e adxudicouse unha zona verde en Navia que, cun presuposto de catro millóns de euros, pretendía dar satisfacción a unha demanda da que carecían outros espazos ou barrios da cidade, recordemos por exemplo a situación do Calvario a día de hoxe ou da propia Coia antes de existir A Bouza Sur.

Este traballo esixe entrega, adicación e vontade política. Crer que traballar para xente é o máis importante e en todo caso logo virán os votos. Esta vocación de servizo fixo que se puxera freo á práctica de cobramento de sobre-prezos que algunhas promotoras esixían aos compradores e que por certo algún expediente, coma o do de Construcatro, estaba tan perfectamente instruído e xustificado que o goberno actual non tivo máis remedio que impoñer a sanción ao promotor.

Sei como ninguén das dificultades que se puideron atopar os actuais xestores nalgúns aspectos, pois nin é nin será fácil xestionar estas necesidades pero, con todos os respectos, debo dicirlles que fallou a debida adicación para tomar decisións firmes e contundentes en cada caso.

Se en marzo de 2009 tiñamos rematado o 90% dos edificios de vivendas de promoción pública, non se entende a demora de ano e medio na súa entrega. Tampouco se entende que o parque, cun nivel de execución do 85% nese mes de marzo de 2009, transcorrido máis de ano e medio aínda non se teña rematado.

Nin que dicir ten que os esforzos de adquirir novo solo para desenvolver as fases seguintes quedaron totalmente parados e os traballos necesarios para arranxar os contornos das edificacións tampouco foron atendidos.

Dito isto o BNG e quen lles fala atópanse a disposición da Xunta de Galicia e dos seus responsables para o que queiran preguntar ou dispoñer. Iso si, non compartimos a idea de que Navia se converta nun novo campo de batalla electoral. Apoiamos esta moción porque entendemos que os bloqueos inxustificadas de uns, adoptando unha mesquiña posición política, non van resolver ningún dos problemas. Tampouco solucións de outros de última hora van axudar resolver este problema. A xente necesita esforzo compartido, traballo en común das administracións e responsabilidades de todos e todas á hora de facer fronte a esas necesidades.

Todos os grupos da Corporación temos algunha responsabilidade nos traballos a

executar en Navia. Recentemente pola Tenencia de Alcaldía, concellería de Deportes, inaugurouse o pavillón de Navia. E por esas responsabilidades que todos temos, o BNG fai un chamamento ao Partido Popular e ao Partido Socialista para que nos distintos temas nos que temos que afondar nun traballo común, poidamos chegar a eses puntos en común, repartirnos as tarefas e procurar solucións.

Estou seguro que este é o desexo maioritario da cidadanía de Navia e tamén da de Vigo.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Logo da intervención do Sr. Mariño que escoitamos continuamente no Pleno deste Concello, parece que é o *hidrofante* do urbanismo, o sabedor e coñecedor de principios ocultos que só se revelan ás persoas iniciadas. Ten información, os demais non teñen nin idea e é o coñecedor desas informacións ocultas e reservadas e ven aquí iluminarnos coa súa palabra e coa súa información.

No tema de Navia, polo que vimos que pasou nestes últimos anos, a xestión foi nefasta nos últimos catro anos de goberno bipartito. Vimos coma as vivendas foron cincuenta millóns efectivamente, logo dun reformado e dun modificado; igual que no parque que houbo un primeiro modificado e logo detectouse que o parque non era utilizable porque en principio o parque é para nenos e as diferentes alturas que existían nas distintas cotas do parque, obrigaban á introdución de varandas e outros elementos de protección porque se non sería moi perigosa a súa utilización.

Foi un mal deseño, unha mala promoción, unha mala redacción e moi mal traballo, que levou consigo a necesidade de modificar ese parque e mesmo de falar coa empresa. Resulta que a empresa á que adxudicaran esa obra entrou en proceso pre-concursal e houbo que rescindirille o contrato e adxudicar a unha nova empresa. Deses pos estes lodos, desa situación mala que se xestionara dese parque, que dende logo non era utilizable polas persoas ás que ía destinado, atopámonos na situación na que estamos agora.

Á parte diso e de que vimos que a algúns ao tema de educación apenas se dedican pero sabemos ben que durante moitos anos neste Concello e a través da

xestión do Sr. Caballero, o Partido Popular presentou aquí unha iniciativa que foi rexeitada sobre un acordo entre Xunta e Goberno municipal para a mellora dos colexios públicos, a pesar de contar este Concello con máis cartos que nunca para adicar ao que eles elixiron e non elixiron nada en materia de educación pública e mellora dos colexios. Só coa cuarta ou quinta parte dos cartos que recibiron a través do Plan E terían deixado os colexios públicos en estado de perfección.

Non quixeron, non elixiron e por tanto nin sequera chegaron a un acordo co Partido Popular para levar a cabo o Goberno da Xunta e o Goberno municipal esas obras. Pero o outro día o alcalde empezou falar sobre o tema das urbanizacións e nesa condición, coido que logo dos pianos e outras actuacións que rozan a excentricidade ou o absurdo nalgún caso, chega dicir esa e colócase alí sobre a quen corresponden as obras nalgunhas zonas que se atopan entre os edificios.

Que o diga o alcalde non é para fiarse del porque se fose así veríamos que o AVE no 2012 estaba xa en Vigo, comprometeu a súa carreira política a que no 2012 teríamos o AVE directo a Madrid e non se cumpriu. Vimos tamén aquela frase de “Eu digo que se Caixanova non segue soa non me presentou ás eleccións”, Caixanova non seguiu soa e o alcalde presentouse ás eleccións. Vemos esas seis mil vivendas protexidas, tamén as 45 ou 47 escolas infantís. Por iso que o diga o alcalde non é ningunha garantía porque o alcalde non é de fiar e o que di non ten ningún viso de garantía.

Por iso hai que ir ver o que ocorre en relación con estas vivendas e vemos que nas licenzas que se conceden aos edificios en Navia establécese que se autoriza a urbanización e a construción simultáneas do dereito a edificar, subordínase ao cumprimento do deber de urbanizar e eses espazos corresponden aos promotores nas licenzas e nas licenzas dos edificios onde se atopaba o alcalde o que pasa é que as promotoras non urbanizaron e o Concello recibiu sen se ter urbanizado.

Non sen se ter urbanizado porque urbanizacións de acordo coa normativa legal son outro tipo de actuacións que si que fixo a Xunta de acordo coa lei do solo, significa acceso público rodado, abastecemento de auga, evacuación de augas e subministración de enerxía eléctrica. Esa é a urbanización, diferenza para

cualificalo como solo urbano.

En cambio todas as obras relacionadas con esas zonas entre edificios corresponden aos promotores. Non o fixeron, recibíunas o Concello e por iso si que corresponde ao Concello ter incumplido esa obriga de esixir aos promotores esa actuación en relación cos terreos que se atopan entre os edificios.

Sabemos ademais que unha competencia clara de acordo coa lei de bases de réxime local é a de parques e xardíns deste Concello. Pero sabemos tamén que o Concello non ten esa capacidade de xestión e ten tremor e pánico a ter que xestionar o que significan as zonas verdes de todo o polígono de Navia.

Polo tanto vemos que de acordo coas licenzas, de acordo coa normativa da Lei do solo, de acordo coas competencias do Concello, correspondería ao Concello ter feito unha boa xestión, ter actuado con dilixencia, non se ter deixado levar pola desidia na recepción da concesión das licenzas de primeira ocupación e por tanto garantir a situación na que se atopaban esas zonas verdes entre edificios.

O Partido Popular defende a xestión que fixo o goberno da Xunta de Galicia.

SR. MARIÑO MENDOZA: Vou perder pouco tempo en falar das parvadas que nos di o concelleiro do Partido Popular. A verdade é que ó final é que fala cinco minutos e non nos di nada. Eu esperaba que polo menos me adicase unha desas citas tan sonoras e tan emblemáticas que vostede soe usar pero polo que vexo nin sequera merezo iso.

En primeiro lugar nós puxémolo por escrito e non o din nin o Sr. Alcalde nin o señor concelleiro de Urbanismo, dino os técnicos municipais. Que a Xunta de Galicia o poña por escrito mañá mesmo. Pedímosllo por escrito e negáronse.

A segunda parvada é que vostede nos fala de que o dereito de edificación ven polas beirarrúas, a auga, o saneamento, a luz e o acceso rodado; si, por suposto e vostedes e o Sr. Figueroa que está sentado o seu carón e debería sabelo, saben perfectamente cales son eses accesos en Navia: as pegadas dos edificios, as beirarrúas dianteiras. A zona verde nada ten que ver con iso.

Ademais e como sabía que ían saír con esa parvada, tráíolle a última licenza de primeira ocupación que demos. É o edificio da Federación de Veciños, nunha parcela de 2.000 metros e o baixo dese edificio ocupa eses 2.000 metros,

exactamente igual que o de UXT. As zonas verdes nada teñen que ver con isto e o peor é que vostedes sábeno e veñen aquí facer demagogia.

É máis, o Pleno é grande e vanme permitir que me levante para llo ensinar porque este plano é un bo exemplo. É do Instituto Galego de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia do ano 1997 e reflícteo o informe. Neste plano que teño por esas zonas verdes figuran paseos a pé, un carril de bicicletas, árbores, bancos e ese proxecto está ratificado no ano 2006. Está presentado pola Xunta de Galicia cando vostedes gobernaban neste Concello e na Xunta de Galicia.

É vergoñento, Sr. López-Chaves, que veña aquí a mentir e o Sr. Figueroa que levou Urbanismo durante catro anos lle minta deste xeito. Saben perfectamente que as zonas verdes son atribuíbles á Xunta de Galicia e non así as beirarrúas que hai diante dos edificios e os accesos rodados. Se non son quen de ler un plano pódolles garantir que a Xunta de Galicia e os asesores que vostedes mesmos teñen, pódenllo ler. Non vimos aquí dar leccións a ninguén, dino os técnicos de Urbanismo e se a Xunta de Galicia quere, que o poña por escrito Sr. López-Chaves.

Non veña aquí facer demagogia. Non estamos a falar de facer unhas reparacións no colexio, de a quen lle compete colocar dúas lámpadas ou poñer unha varanda; estamos a falar da necesidade de ampliación do colexio, o problema é que non lle interesa escoitar iso. Unhas varandas na zona verde non son o atraso de dous anos, Sr. López-Chaves.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr.

López Font, instando á Xunta de Galicia execute con urxencia as obras pendentes en Navia, así coma efectuar as reformas que precisa o colexio público Alfonso Rodríguez Castelao, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.3.-(296). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ESIXINDO Á XUNTA UN REPARTO EQUILIBRADO DE FONDOS E CONEXIÓNS AÉREAS PARA O AEROPORTO DE PEINADOR, ASÍ COMO NOVOS VOOS. EXPTE. 85/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de novembro, expediente 85/1101, o voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“O aeroporto de Vigo rexistrou no pasado mes de outubro 100.781 pasaxeiros -un 11,2% máis que no mesmo período do ano pasado-, operou 1.323 voos -un 8,1% máis que en 2009- e moveu 86.590 quilogramos de carga -un 2,9% máis-. Estes datos sitúan a Peinador como o segundo aeródromo de Galicia en tráfico de pasaxeiros e mercancías.

Atendendo ás súas competencias, o Ministerio de Fomento está a realizar un importante esforzo inversor en Peinador, próximo aos 100 millóns de euros, para mellorar as infraestruturas aéreas da nosa cidade, cun novo aparcadoiro para 2.700 vehículos e unha nova terminal que vai triplicar a capacidade da actual.

A promoción turística do territorio no exterior compete á Xunta de Galicia, que ten nos aeroportos e nas rutas aéreas unha das principais ferramentas para acadalo. Nos orzamentos autonómicos, o goberno de Núñez Feijóo reserva tres millóns de euros para subvencionar conexións aéreas en Galicia, pero lamentablemente o reparto marxina a Vigo, é desproporcionado e non é equitativo.

A Xunta de Galicia propuxo na reunión do Comité de Rutas Aéreas de Galicia, realizada o pasado 16 de novembro, financiar seis voos desde Santiago, dous desde A Coruña e dous desde Vigo, unha proposta non acordada previamente polo comité técnico que discrimina absolutamente á nosa cidade tanto a nivel económico como de número de conexións.

O goberno autonómico ofrece a Vigo unha ruta a Sevilla e unha internacional a Bruxelas que non está confirmada e reduciría á metade as prazas, mentres que Lavacolla ten cinco internacionais e Palma de Mallorca. A Xunta inclúe París como destino desde Santiago pese a ser operada xa desde Vigo sen ningunha axuda

pública, pero a dobre vara de medir de Feijóo impide a Vigo ter Londres por xa ofrecer esa ruta Santiago.

A proposta da Xunta evidencia tamén que as liñas de baixo custo quedan fóra de Vigo e recalán en Santiago, unha nova discriminación de Feijóo contra a nosa cidade, ademais de non ter en conta a competencia aberta que unicamente Vigo -a nivel Galicia- ten no aeroporto de O Porto.

A Xunta de Galicia discrimina con descaro á cidade de Vigo unha vez máis, tanto no reparto das conexións (seis para Santiago e dous para Vigo) como nas cantidades económicas que designa. Por outra banda, rexeita sen argumentos a proposta aérea viguesa.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte: acordo:

1º.- Esixir da Xunta de Galicia un reparto equilibrado dos fondos e das conexións aéreas, coas mesmas partidas económicas e o mesmo número de rutas para os tres aeroportos de Galicia.

2º.- Segundo o anterior, que a Xunta de Galicia atenda á demanda viguesa de voos a Londres primeiro e posteriormente a Bruxelas e Sevilla, asumibles co millón de euros que corresponde a Vigo do total.”

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 22 de novembro, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Vigo é unha cidade moi importante aínda que algún vigués parece que non o saiba. Parece concordar con esta afirmación de “Vigo, cidade importante” o Ministerio de Fomento que está a facer un esforzo moi importante para que o aeroporto de Vigo sexa realmente consoante coa cidade. Así está investindo 38 millóns de euros nun aparcadoiro para 2.700 vehículos e nunha nova terminal que vai triplicar a capacidade da actual cun investimento de 47,6 millóns.

Quen parece que non sabe da importancia de Vigo e do seu aeroporto é a Xunta de Galicia. Todos sabemos que a promoción turística no exterior compete á Xunta e que nos aeroportos ten unha ferramenta moi importante para acadar ese desenvolvemento turístico. Pois a Xunta neste ano que comeza, o 1 de xaneiro baixa un 32% a achega que adicaba no seu orzamento para potenciar a promoción turística nos aeroportos de Galicia. O grave do asunto é que fai que

esa diminución a pague a cidade de Vigo.

Na última xuntanza do Comité de Rutas Aéreas de Galicia por parte da Xunta de Galicia e unilateralmente, porque nin AENA nin outros Concellos moi importantes coma A Coruña ou Vigo apoiaron semellante barbaridade, presentou como proposta algo tan serio como que ao aeroporto de Vigo lle dá dous destinos, por certo un ben pequeno coma é Sevilla que ata outubro levou 3.300 pasaxeiros, e o outro aínda sen concretar porque aínda non está resolto coma é o de Bruxelas, baixando a capacidade dos avións de 180 pasaxeiros coma eran ata agora, a 90 para que esa liña sexa rendible.

Esta é a proposta que se fai para Vigo mentres que para Santiago de Compostela ofértanse destinos internacionais como Londres, París, Roma, Frankfurt ou Zürich e no caso de España o de Palma de Mallorca, que hai que dicir que o de Palma é realmente un aeroporto internacional, dende logo centro europeo e sobre todo alemán a pesar de estar nunha illa española. Só Palma leva 94.000 pasaxeiros porque é un aeroporto crucial aos efectos de conexións europeas, sobre todo con Alemaña.

Pois os pasaxeiros que levou ata setembro, que son os datos cos que contamos, menos que os que acabo de citar para Sevilla por exemplo, son un total de 266.000, mentres que os dous vos que se propoñen para Vigo suman a cantidade de 21.000, é dicir, que a proposta que se fai para Vigo é trece veces máis pequena que a que se fai para Santiago de Compostela. Iso sen que a Santiago se lle pida un só euro.

Iso si, a Vigo inmediatamente pídeselle que achegue, que oferte, que poña cartos enriba da mesa cando ademais se negan a dar calquera tipo de explicación de por que non se asumen consideracións fundamentais porque se hai algo que no comité técnico deste Comité de Rutas Aéreas de Galicia se estivo a debater durante os últimos meses, era que se con algún aeroporto había que facer un esforzo especial era co de Vigo por seren o que máis sofre a competencia de Porto. En todas esas propostas, e a de Vigo quedou moi clara enriba da mesa, fálase de recuperar Londres, de incorporar Frankfurt, de manter Bruxelas e Sevilla por suposto, aínda que non son excesivamente importantes en canto ao número de pasaxeiros, porque entendemos que é absolutamente vital.

Hai propostas e estudos técnicos de AENA que avalan a total corrección e mesmo sen custo para que moitos destes destinos se poñan xa en marcha como todos sabemos, pero parece ser que isto non é importante para a Xunta de Galicia. De aí a proposta que facemos hoxe neste Pleno.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Por parte do Bloque Nacionalista Galego imos apoiar esta moción loxicamente. Estamos absolutamente de acordo en que todo o que sexa equilibrar os recursos que son de todos os galegos e galegas parécenos ben e por suposto tamén todo o que sexa a potenciación do noso aeroporto parécenos ben.

Pero na miña explicación de apoio a esta moción do Grupo Socialista eu quero ir un pouco máis aló. Aquí o que hai por parte da Xunta de Galicia é absoluta e claramente unha ausencia total de planificación e dun mínimo coñecemento de como se teñen que abordar as planificacións e o desenvolvemento do tráfico aéreo dos tres aeroportos galegos.

E isto porque na primeira e única xuntanza que tivemos os tres concelleiros das tres cidades, Santiago, A Coruña e Vigo coa secretaria xeral de Turismo, xa había un acordo absoluto e total entre as tres cidades, acordo que puxemos enriba da mesa, que contemplaba claramente unha planificación e un desenvolvemento das tres zonas aéreas de Galicia e que ademais non tiña ningún tipo de conflictividade entre unhas e outras cidades.

A ese acordo ao que chegamos os tres concelleiros de Turismo das tres cidades con aeroporto en Galicia dísenos textualmente nesa primeira e única xuntanza que a partir dese momento quen se arrogaba as competencias de negociar coas compañías aéreas en exclusividade era a Xunta de Galicia. Dende ese momento aos concellos e ás concellerías de turismo se nos afasta absolutamente desa negociación.

O resultado é que nestes momentos as compañías aéreas fan o que queren e hai que dicilo así, dinlle ao Goberno galego onde temos que poñer as rutas e para que as temos que subvencionar, cando todo o mundo sabe que en calquera lóxica de negociación hai que lles obrigar ás compañías aéreas a que asuman liñas que poden ser rendibles para elas, pero tamén que asuman outras que

temos a necesidade de ir consolidando no tempo.

Ademais de non facer absolutamente nada, a Xunta de Galicia malgastou o ano pasado máis de catro millóns de euros, a austeridade do Sr. Feijóo lévao a malgastar esa cantidade. Digo isto porque se inviste unha cantidade en Vigo para abrir Bruxelas e Sevilla e un ano despois esa cantidade non serve para nada porque se anuncia a redución en canto a Bruxelas, non sabemos que pasa con Sevilla e por suposto non hai polo menos expresada a vontade de recuperar o voo Vigo-Londres.

Pois isto é moi fácil. Igual que o meu compañeiro Sr. Álvarez antes no tema de Navia apelaba a que as administracións temos que nos poñer de acordo en temas que son fundamentais e sobre todo nos momentos nos que estamos dunha crise económica que nos está afectando a todos e a todas, é o momento de poñer enriba da mesa vontade política e espírito de colaboración.

É moi fácil se hai vontade política, se non se utilizan estes temas como armas arreboladizas electoralmente falando: o acordo que se contemplaba naquel momento de que é fundamental manter as liñas existentes en 2009 tal e como dicía a comisión técnica da Comisión de Rutas á que logo a comisión política, chámese Xunta de Galicia, non lle fixo caso e partir de aí, ao unísono e complementariamente, ver a maneira de abrir novas liñas. Nese segundo paso si que se pode poñer enriba da mesa a posibilidade de que os concellos ou mesmo a Deputación poidan colaborar, pero sempre nese segundo paso e complementariamente.

Mentres nós estamos a pelexar entre os tres aeroportos galegos porque a Xunta mira cara outro lado e non exerce coma un goberno responsable que ten que planificar aos tres aeroportos galegos, O Porto segue a fretarse as mans e as compañías aéreas tamén porque saben que con esta Xunta é un choio porque van onde queren e espremen á administración para aqueles intereses que eles queren.

É moi fácil señores do Partido Popular e por iso imos apoiar esta moción. Manteñamos as rutas de 2009 e ampliemos complementariamente entre os tres aeroportos galegos.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sres. do partido Socialista: nós non imos facer o que fixeron vostedes co tema dos aeroportos coma é privatizar AENA e declarar o estado de alarma. Iso non o vai facer un goberno do Partido Popular porque habería que ver que pasaría se iso o fixera un goberno do PP.

Esta moción caducou, chega polo menos con dous anos de atraso. Nós teríamos entendido que cando gobernaban na Xunta o Sr. Touriño e o Sr. Quintana vostedes esixisen á Xunta o reparto equilibrado dos fondos porque nese intre era cando lle daban ao aeroporto de Santiago máis de trescentos millóns de pesetas para que se consolidase a compañía de baixo custo Ryanair e que agora todo o mundo vaia dende Santiago a Sevilla, a Roma, Londres, etc.

Tería todo o sentido do mundo hai dous anos, pero nesa época, cando nós traíamos mocións para promocionar Peinador, vostedes miraban cara outro lado. Parece que nunca estiveron no goberno da Xunta, xa se esqueceron porque cando vostedes estaban na Xunta para a promoción de Peinador cero euros. Agora coa Xunta de Galicia do Partido Popular 1,7 millóns de euros en dezaoto meses. Eses son feitos e non palabras.

A actitude do goberno municipal neste tema podería resumirse en que é improvisada, incoherente, demagóxica, irresponsable e o peor é que xa ven sendo habitual. Digo improvisada porque se trata de dicir o primeiro que se lles ocorre. Todos lembran ao actor vigués Manuel Prieto Comesaña, coñecido por Manquiña, "...o mesmo lle digo unha cousa que lle digo a outra". Ao Sr. Caballero dálle o mesmo a Área Metropolitana de vinteoito que de vintecatro, dálle o mesmo a sanidade pública como que se peche un convenio con Povisa que é a sanidade privada, dálle o mesmo a biblioteca do Estado nun sitio que noutro, en Cluny, en Navia, na Escola de Artes e Oficios, na praza do Rei, no auditorio, dálle igual unha cousa que a outra. Por iso improvisan.

Digo que é incoherente porque cando vostedes gobernaban na Xunta cero euros; agora que a Xunta é do PP e consigna 1,7 millóns de euros en dezaoto meses, declaran a guerra. Vostedes morden a man que lles dá de comer.

É unha actitude demagóxica porque no Pleno de setembro, hai tan só dous meses, eu mesmo trouxen aquí unha moción que vostedes votaron en contra para comprometerse institucional e economicamente a colaborar co Comité de

Rutas de Galicia para a promoción de Peinador con novas rutas. É demagóxica porque hai un ano o Sr. Domínguez Olveira garantiu a liña Vigo-Londres aínda que a Xunta non a subvencionase, Faro de Vigo 24 de maio de 2009.

Tamén é demagóxica porque o Alcalde Sr. Caballero dirixiu en 2006 un informe, que non sei se sería remunerado ou non, titulado "O sistema aeroportuario do Eixo Atlántico". Neste informe se dicía: "Galicia e o norte de Portugal deben constituír os seus catro aeroportos nun sistema aeroportuario integrado". Por iso estou de acordo con vostede, Sr. Domínguez, en que a actitude do Sr. Caballero é irresponsable porque había un acordo co Comité de Rutas de Galicia. Acordo ademais proposto por don José Blanco, ministro de Fomento, para que fosen complementarios tal e como dicía o informe do Sr. Alcalde, que vostede boicoteou, foi a Santiago a esa xuntanza única e exclusivamente boicoteala. Hai testemuñas que estiveron alí e que así o certifican.

O que deben facer os Sres. Caballero e Domínguez Olveira é o que fixo o Partido Popular cando gobernou, que acadou un convenio da Deputación con Air Europa que segue funcionando con frecuencias a Madrid; implantouse a primeira liña de baixo custe a Barcelona con Clikcair, reforzáronse as frecuencias a Barcelona con Spanair; fíxose a ruta Vigo-Valencia con Air Nostrum; tróuxose á compañía de transportes TNT; conseguiuuse a conexión Vigo-París con Air France. Ese foi o momento no que o aeroporto de Peinador batía récords, un millón e medio de pasaxeiros e non agora que perde o 30% de pasaxeiros e o 60% de mercadorías.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: A maiores de que coa ambigüidade habitual de novo o Partido Popular se poña de lado dos controladores na súa primeira intervención, quero deixar absolutamente claro o que está a defender o PP nesta xuntanza.

Para a cidade de Vigo, cun aeroporto que vai ser extraordinario, o triplo do actual, está a defender que para o ano que ven teñamos exclusivamente subvencionado pola Xunta de Galicia un voo a Sevilla para dous mil e pico pasaxeiro e máis un voo que hai que negociar con Bruxelas. En función dos intereses de Vigo iso é o que está a defender o Partido Popular nesta xuntanza.

Non vou caer en facer historia do pasado porque habería moito que falar sobre o asunto pero o que lle podo dicir, tamén de acordo co que di o noso paisano

Manquiña, é que o importante é o “concepto” de se vostedes realmente pensan que o aeroporto de Vigo é o que debe corresponder a unha importante cidade porque non hai cidades importantes sen ter voos internacionais ou defenden que o aeroporto de Vigo sexa o aeroporto de calquera aldea.

O tema é que hai estudos técnicos que garanten a viabilidade xa para voos como Londres ou como Frankfurt, están aí os pasaxeiros de Vigo e da súa contorna que van coller os voos a Labacolla, O Porto ou Alvedro, 4.540 ao mes co que se garante un voo semanal e pedimos que haxa tres voos a Londres. Ou falamos de Frankfurt con 3.360 pasaxeiros que se garantan tamén un número de viaxes o suficientemente importante como para poñer en marcha xa este aeroporto que se vai consolidar por riba de todo.

Por iso, porque realmente queremos de verdade que Vigo teña ese importante aeroporto, é polo que imos esixir voz e voto con toda a forza na negociación coas compañías aéreas. Se a Xunta prosegue coa súa vergoñenta discriminación a Vigo, á que vostedes se suman e son cómplices absolutamente, son uns absolutos “palanganeiros” da Xunta de Galicia, faremos ese esforzo e estamos convencidos que teremos a toda a cidade detrás. Ese é o noso reto e imos acadar que Vigo teña a importancia que debe ter cun aeroporto importante.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. López Font, instando á Xunta de Galicia un reparto equilibrado de fondos e das conexións aéreas e demandando novos voos dende o aeroporto de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.4.-(297). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO SE SOLICITE Ó MINISTERIO DE FOMENTO O ENVÍO POR ESCRITO DO ESTADO DE TRAMITACIÓN E PRAZOS DO NOVO TRAZADO DA AUTOVÍA VIGO-PORRIÑO. EXPTE. 81/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de novembro, expediente 81/1101, o voceiro do Grupo municipal do PP, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

“A Autovía A-55 no seu tramo Vigo-Porriño constitúe a principal arteria de entrada e saída da cidade de Vigo cara á meseta, por iso, e debido á perigosidade do trazado actual, unha das principais demandas da cidade de Vigo ven sendo dende hai anos a execución dun trazado alternativo á citada autovía e a súa conexión coa Autovía A-52.

O 30 de setembro de 2009 publicábase no BOE o anuncio de adxudicación da “Redacción dos proxectos de trazado e construción: Variante de trazado da N_120 entre os pp.kk. 655 e 667. Tramo Vigo-Porriño” cun prazo de execución de 18 meses.

A piques de rematar a redacción de dito proxecto e trala súa posterior aprobación, poderíase xa licitar e adxudicar a obra de construción da nova Autovía se non fose porque no proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2011 unicamente figura unha partida de 532.790 € para 2011, sen consignación para anos sucesivos, o que claramente indica a escasa disposición do Ministerio de Fomento para a execución desta obra de vital importancia para a nosa cidade.

Polo antedito, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Solicitar ao Ministerio de Fomento que informe por escrito aos Grupos Municipais deste Concello sobre o estado de tramitación deste expediente así como dos prazos nos que ten previsto executar as obras do novo trazado da Autovía Vigo-Porriño.”

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 22 de novembro, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Debo estar a soñar porque as actitudes e as

cualificacións do goberno neste Pleno, unha tarde que está a ser tranquila, con propostas bastantes correctas e coherentes, non se corresponde co que debe ser un Pleno da cidade de Vigo pero alá vostedes, ó mellor supoño que terán motivos para estar nerviosos.

Traemos hoxe unha solicitude ao Ministerio de Fomento para que nos informe a todos os grupos políticos deste Concello sobre o estado de tramitación da autovía A-55, tramo Vigo-O Porriño, que se nos diga en que situación está o expediente, cales son os prazos e evidentemente que se afonde en toda a súa tramitación.

Traemos esta moción porque nos presupostos do ano 2011 contéplase unha partida de 532.000 euros, insuficiente para calquera posta en marcha desta autovía e por suposto sen consignación para anos sucesivos. Claramente indican a escasa disposición do Ministerio de Fomento para a execución desta obra de vital importancia para a nosa cidade.

Todos sabemos cal é a sinestralidade e a perigosidade desta autovía A-55. Dende o goberno da cidade de Vigo, o Sr. Caballero falaba nunha entrevista co Sr. Touriño o sábado 27 de outubro de 2007 nun periódico desta cidade e dicía que a autovía estaría en servizo no ano 2010: "A autovía e o tramo principal da A-55 entre Vigo e Porriño, estará pendente de publicación do estudo informativo e a Xunta asegurou que está prevista para o ano 2010 a entrada en servizo." Coido que evidentemente faltan uns cantos días do ano 2010, non hai tramitación do expediente e preocúpanos dun xeito especial.

Tamén nos preocupa porque todas as cuestións que vimos denunciando, coido que cun traballo rigoroso dende o noso posto de oposición tal como debe ser, tradúcense en que co paso do tempo se nos acaba dando a razón. Na publicación no Pleno de aprobación do Plan Xeral, o 29 de decembro do ano 2007, xa dicíamos que esta autovía partía en dous a parroquia de Bembrive e que faría inviable o ámbito de Baruxáns no que xa estaba aprobado o plan parcial, sen embargo dende o Partido Socialista dicíannos literalmente: "O Sr. Figueroa non ten tanta información como teño eu, é lóxico, para algo son a concelleira de Urbanismo nestes intre. Fala da autovía Vigo-O Porriño e o que non sabe o Sr. Figueroa e voulle remitir a el persoalmente o luns 31 que vou vir traballar, é a petición que lle remitimos a Fomento para que teña en conta que o trazado que

fan na autovía Vigo-O Porriño pode prexudicar algúns ámbitos de Vigo e polo tanto lle pedimos que o rectificuen.”

Ou pouco peso político ten o goberno da cidade de Vigo co Ministerio de Fomento ou non se rectificou a posición do Ministerio. A parroquia de Bembrive vai quedar dividida en dous, o plan parcial de Baruxáns que xa está aprobado, non se vai poder executar o que pode significar indemnizacións aos propietarios dese ámbito.

A maiores e o que xa nos preocupa dun xeito claro é que logo se demostrou que por unha orde da Consellería do 16 de maio de 2008, tívose que modificar o Plan Xeral aprobado. É dicir, o que denunciabamos neste Grupo municipal naquel Pleno de aprobación confirmouse e o que é máis grave, confírmase que a autovía Vigo-Porriño non ten consignación presupostaria que é o que realmente nos ten que importar.

Evidentemente tamén nos satisfai, non polo que signifique de ben para a cidade pero si polo noso traballo rigoroso, que acertásemos naquelas manifestacións e naquela denuncia que fixemos, igual que en moitos outros temas que o paso do tempo acaba dándonos a razón e demostrando que o traballo que se fai dende este grupo é coherente, serio, rigoroso e con propostas de tentar denunciar o que o goberno non fai ben.

En definitiva, o que pedimos ao Ministerio de Fomento é que nos diga en que situación está a tramitación deste expediente.

SR. LÓPEZ FONT: Debo recoñecerlle ao Sr. Figueroa que nalgúns das súas mocións, sobre todo na exposición de motivos, din vostedes algunha que outra verdade, pero que esta autovía é un problema para os cidadáns de Vigo é así dende hai moitos anos. O que debería incluír na exposición de motivos é que solucións deron a esta autovía os gobernos do Sr. Fraga e do Sr. Aznar. Sempre lle sorprende esta afirmación pero me encantaría que na exposición de motivos dixera que entre os anos 1996 e 2004 o Ministerio de Fomento do Sr. Aznar propuxo esta ou a outra cuestión.

Díxenlle en moitas ocasións que todo o que se fixo en materia de infraestruturas en Galicia fixérono os socialistas. Nesta exposición de motivos parece mentira

que vostede nin saiba contar as datas, logo din que se lles queremos dar clase ou que lles tratamos dun ou doutro xeito, pero está vostede a recoñecer que o 30 de setembro de 2009 adxudícase a redacción do proxecto cun período de dezoito meses.

Este período conclúe o 31 de marzo de 2011 e parece mentira que vostede non saiba que cando se fai un proxecto para a redacción dunha obra deste tipo, estase definindo absolutamente todo: trazado, calidades e prezo da obra.

En relación coa parroquia de Bembrive con moita razón dinme que no plan que deixaron vostedes xa tiñan partido esta parroquia en dúas partes e o trazado xa era igual, polo que coido que pouco teñen que reprocharnos.

A redacción dese proxecto ao que vostede fai mención é por importe de 4,7 millóns de euros. Os gobernos do Partido Popular preocupáronse pola autovía A-55 en cero euros e o goberno socialista de José Luis Rodríguez Zapatero investiu 4,7 millóns de euros e estase redactando. Isto si que é unha aposta polas infraestruturas de Galicia e non o que fixeron vostedes.

A partida que vai nos presupostos de 2011 é para concluír a redacción do proxecto que rematará no ano 2012. A partir do ano 2012, como sempre fai o Ministerio de Fomento do Sr. Blanco, continuará co seu compromiso coma en todos os proxectos destas cidades. Que as obras teñen unhas pautas sábeno todos os cidadáns menos vostede. Cando fala de peso político, do que debería de falar aquí é dos 168 millóns de euros que están contemplados nos presupostos de 2011 para proxectos desta cidade, abranguendo todas as infraestruturas porque o alcalde de Vigo chámase Abel Caballero. Iso si é peso político. Se nestes momentos a alcaldesa fose a Sra. Porro non habería ningún investimento.

Neses presupostos está incluída a autovía Vigo-Pontevedra, Rande, o auditorio, o AVE, a estación, a depuradora e tamén a ETEA. Polo tanto, se alguén ten compromiso con esta cidade en materia de infraestruturas é o goberno do Sr. Rodríguez Zapatero, evidentemente a diferenza do Sr. Núñez Feijóo que cada vez que aparece por esta cidade é para inaugurar un hotel, ou para dicir que non a algo que propuxéramos, ou para privatizar un hospital porque o hospital que deixou o goberno do Sr. Touriño era público.

Por todo isto o Ministerio de Fomento está comprometido con esta cidade, tamén

coa autovía Vigo-Porriño pola que vostedes non fixeron nada e esta cidade ten o compromiso do goberno de España e ten o non do goberno do Sr. Núñez Feijóo. Por iso apoiamos esta moción porque dende o Ministerio de Fomento estarán encantados de lles facilitar toda a información sobre os proxectos desta cidade, pero temos que facer un texto alternativo para dicir que “se informe ao Concello”, non aos grupos municipais.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Como todos vostedes saben o proxecto da autovía Rías Baixas rematou en Porriño. Dende esta aprobación produciuse un desdoblamento da estrada nacional 120 que permitiu desconxestionar este tramo ao tráfico existente pola confluencia de automóbiles que circulaban dirección Portugal e dirección Ourense.

Como todos vostedes saben tamén este trazado era provisorio e ao pouco tempo amosou unha extraordinaria perigosidade pola forza de incorporación do tráfico a ese vial, os radios existentes nas curvas, etc.

As actuacións en seguridade lograron paliar o goteo permanente de accidentes e de falecementos que convertían a esta vía nun dos puntos da rede viaria máis perigosos do Estado. Este tramo da autovía culminaba na avenida de Madrid que cos seus enreixados e os seus pasos a día de hoxe recorda o urbanismo das tres efes: feo, frío e *friqui*, que unha cidade como Vigo coido que non merece porque a súa entrada debe ser acolledora, esteticamente presentable e coidadosa cos seus cidadáns.

O trazado na configuración actual é un disparate técnico, unha irresponsabilidade na seguridade e debería ser un motivo de vergoña de todos os que tiveron algunha participación e non deron resolto este problema.

O BNG ten solicitado en reiteradas ocasións a formulación dun novo traxecto e mesmo pactado algún apoio aos presupostos do Estado sobre a base da necesaria previsión orzamentaria para a execución deste novo vial. Algo se ten acadado e hoxe dispoñemos dun anteprojecto ou estudo informativo que presenta a necesaria conexión en túnel que evitaría a formulación de novas trazas en superficie nun espazo altamente urbanizado, o que xeraría unha invasión intolerable do territorio e uns importantes conflitos sociais.

Xa se dixo aquí que durante os oito anos do goberno de Aznar nada se fixo por resolver este problema, pero debemos manifestármonos claramente insatisfeitos polo feito nos últimos seis anos do goberno de Zapatero xa que non foron quen de presentar con seriedade unha decisión presupostaria valente que a nosa cidade necesita perentoriamente.

Polo tanto entendemos que debemos converter esta nunha reivindicación de toda a cidadanía e non dun partido político concreto. Sabemos que o Ministerio é consciente desta demanda xa que así o ten reiterado en moitas respostas dadas á nosa deputada, Olaia Fernández Davila. Por iso entendemos que, máis alá dun debate porque non é o obxectivo neste punto falar do seu trazado, tanto no seu entronque na zona de Bembrive como na zona de Mos, debemos ter a suficiente responsabilidade como para pedir que ese proxecto cando menos se licite, se tramite e se proxecte.

Debemos facelo así porque a responsabilidade de todos nolo esixe e debemos facelo prevendo un investimento plurianual para ese fin que parece ser, todos os datos o indican, que nos presupostos xerais do Estado non se recolle. Nese sentido si imos apoiar esta moción na parte que ten que ver co que estamos a falar: a necesaria responsabilidade de formular este proxecto dunha vez.

Por último un rogo e unha felicitación. A felicitación ao Ministerio de Fomento por nomear ás dúas tuneladoras que temos no túnel de Maceiras cos nomes tan bonitos e tan galegos de “Lebre” e “Miñooca”. Neste sentido o Ministerio de Fomento debe facer ben os seus deberes para que *Arteijo* e *Rianjo* sexan Rianxo e Arteixo. O rogo é que lles pediría a esas dúas tuneladoras, “Lebre” e “Miñooca”, que non se vaian, que continúen en Vigo e que logo do seu traballo seguro que ben feito que teñen que facer no túnel de Maceiras, poidamos continuo tanto no proxecto de saída sur do AVE como na autovía Vigo-Porriño.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Álvarez, vexo que vostede coñece perfectamente o trazado desta autovía Vigo-Porriño, o que estaba no anterior mandato, o que se levou a Pleno e o que se rectificou. Non coma o Sr. Font que dende logo eu non lle vou dar clase de nada nunca pero polo menos infórmese ben ou cando lle pase a información quen sabe máis que todos, polo menos que lla pase ben.

Sempre hai alguén que sabe máis que todos, nós considerámonos normais e sabemos o que sabemos pero vostede hoxe meteu a pata.

Había un trazado que desembocaba no primeiro cinto á altura da Pontenova. Non se preocupe que o teño por aquí e pódollo dar cando vostede queira. Infórmese ben en non dea leccións que coido que aquí somos todos máis ou menos normais, uns con máis formación e outros menos, uns con máis coñecemento, outros menos, outros con máis experiencia, outros menos.

Sr. Álvarez, de verdade que lle felicito porque estamos de acordo co seu discurso e vexo que vostede coñece perfectamente este tema non coma outros. Nós non dixemos que a autovía Vigo-Porriño ía estar en servizo no ano 2010, dixérono o Sr. Caballero e máis o Sr. Touriño: "Touriño e Caballero aseguran que os grandes proxectos de Vigo están desbloqueados", páxina do Faro de Vigo do 27 de outubro do ano 2007. Hai que lles preguntar aos do Faro de Vigo se tamén menten porque vostede di que non.

Sr. Font, con respecto ao que vostede di de 168 millóns de presuposto, só vou citar dúas obras: 1.100 millóns para o hospital máis 120 para a depuradora. Iso xa son 1.200 millóns. Vostedes negan a evidencia de todos os proxectos mesmo dos que están en marcha.

Fala vostede do auditorio; eu non ía falar do auditorio. O convenio do auditorio co diñeiro asinouse o 24 de agosto entre o Sr. Feijóo, vicepresidente da Xunta, e a Sra. Porro e a achega da Xunta de Galicia foi de 18.570.00 euros e a do Concello de doce millóns de euros. O auditorio de Vigo adxudicouse en febreiro do ano 2006 e hai unha sinatura onde está o Sr. Gayoso, a Sra. Porro e o presidente SACYR. O que fixeron vostedes nesa data foi abandonar a xuntanza na que tiñan que votar, non votaron, opuxéronse ao pazo de congresos. O único que fixeron foi o que quería a concesionaria. Eu iso vivino moi ben e dende dentro. Suprimiron dous sotos de aparcadoiros e o que fixeron foi que de 706 aparcadoiros que tiña adxudicados ese auditorio pasaron a 325 prazas. Suprimiron dous sotos, o máis custoso da obra.

Gústelle ou non o auditorio adxudicouno a Sra. Porro e o 24 de agosto asinaron o convenio o Sr. Núñez Feijóo e a Sra. Porro. Esa é a realidade.

Estamos dispostos a aceptar a proposta do Sr. Font sempre que se poña "ao

Concello de Vigo e aos grupos municipais”, que quede expresamente reflectido.

A PRESIDENCIA: En todo caso e dado que na moción ía só a autovía Vigo-Porriño e rematamos falando do auditorio quero lembrarlle que cando chegamos aquí o orzamento no que se presupostaba o auditorio era de 160 millóns de euros e había 85, polo tanto este goberno tivo que dar a volta para ao que algúns adicaban 85 millóns de euros e valía 160 e houbo que o converter neses 85 millóns. Estaba quebrado e tivemos que refacelo.

Vótase coa emenda presentada polo Sr. Font polo que dirá “ao Concello de Vigo e aos grupos municipais”.

Emenda formulada en escrito de data 29 de novembro, polo voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. López Font, durante o curso do debate:

Solicitar ó Ministerio de fomento que informe por escrito ó Concello de Vigo sobre o estado de tramitación deste expediente así como dos prazos nos que ten previsto executar as obras do novo trazado da autovía Vigo-Porriño.

A Presidencia somete a votación a parte dispositiva da moción maila emenda formulada polo Sr. López Font.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Solicitar ó Ministerio de fomento que informe por escrito ó Concello de Vigo e máis ós Grupos Municipais, sobre o estado de tramitación deste expediente así como dos prazos nos que ten previsto executar as obras do novo trazado da autovía Vigo-Porriño.

5.5.-(298) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO A ADOPCIÓN DE MEDIDAS RELACIONADAS COA LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 83/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de novembro, expediente 83/1101, a concelleira do Grupo municipal do PP, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

“Neste ano de 2010, que está a piques de rematar, o fenómeno da violencia contra as mulleres por parte das súas parellas ou ex parellas ten dado mostras evidentes de que aínda que existe un elevado grao de concienciación e rexeitamento da sociedade no seu conxunto contra esta clara manifestación de desigualdade e discriminación contra as mulleres, é moito o que temos por facer aínda para conseguir unha sociedade sen violencia.

Os casos máis graves que temos vivido ata esta data evidencian como esa violencia ten como vítimas preferentes ás mulleres, pero afecta de xeito moi importante aos nenos e nenas, que son tamén vítimas ou testemuñas da violencia, con secuelas moi importantes para o seu desenvolvemento físico e psicolóxico. A violencia de xénero só se pode erradicar desde a concienciación e a sensibilización de toda a sociedade, así como desde a educación das xeracións máis novas nos valores da igualdade, a paz, a tolerancia e o rexeitamento da violencia.

Galicia conta cunha lei propia, a 11/2007, para traballar de xeito máis eficaz na eliminación desta lacra da nosa sociedade, na que se articulan medidas para que a coordinación entre as diferentes administracións se reforce na procura de respostas áxiles e axeitadas. Os concellos teñen un importante papel de prevención e atención ás vítimas e por iso a súa implicación na resposta eficaz aos casos que se presenten nos seus límites é absolutamente necesaria.

Por todo isto, o grupo do Partido Popular no concello de xxx eleva ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Rexeitar calquera tipo de violencia que se exerza contra as mulleres, e moi particularmente a violencia que se exerce contra as mulleres no seo das parellas.
- 2.- Solicitar ao goberno da Xunta de Galicia que impulse todas as medidas precisas para erradicar este fenómeno, particularmente aquelas contidas na lei galega 11/2007.
- 3.- Solicitar á administración local, que facilite ao máximo o acceso das mulleres aos recursos existentes, reforzando actuacións ou poñendo en marcha mesas de coordinación a nivel local e protocolos de actuación ante os novos casos.
- 4.- Solicitar ao goberno de España que estenda a protección da lei orgánica 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, aos e ás menores, por entender que son vítimas, directas ou indirectas, da violencia que se exerce sobre as súas nais, dotando presupostariamente esta importante

modificación de xeito adecuado e suficiente.

5.- Solicitar ás administracións estatal e autonómica que continúen velando porque os medios de comunicación adopten as medidas oportunas para que o tratamento informativo da violencia contra as mulleres se manteña no respecto debido ás vítimas e ao seu contorno.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de novembro, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Presentamos esta moción en positivo instando a todos os gobernos, tanto local, como autonómico, como nacional, a traballar activamente contra a violencia de xénero.

Hai uns días apareceu nun medio de comunicación que máis de 800 viguesas denunciaron no xulgado malos tratos neste ano. Cremos que é unha cifra alarmante e por iso dende o Partido Popular decidimos presentar unha moción para que dalgún xeito vaiamos todos os partidos e todos os goberno da man para traballar contra a violencia de xénero.

Como aparece reflectido na moción, rexéitase calquera tipo violencia, solicítase ó goberno da Xunta que impulse medidas precisas á administración local, ao goberno de España e á administración estatal e autonómica que continúen velando porque os medios de comunicación adopten as medidas oportunas. Sorprendentemente presentamos esta moción e uns días despois acudimos á marcha contra a violencia de xénero e sorprendeunos enormemente xa que, como reflectimos nesta moción, coidamos que debemos unírmonos contra esta lacra social por riba de cores políticas, de ideoloxías relixiosas e de pensamentos diverxentes.

Vostedes están tentando crear polos opostos ante problemas sociais comúns. Demostran o seu sectarismo constante non só en materia de violencia de xénero, senón que vimos como o fomentaban ante diferentes asociacións na cidade ao longo do seu goberno. Pola mañá os socialistas realizaban unha manifestación no Calvario e o BNG enarboraba as súas bandeiras na rúa do Príncipe e non só as bandeiras de Galicia Nova, senón que nos seus panfletos políticos nunha manifestación contra a violencia de xénero invitaban “Ven loitar connosco

Carmiña e trae a tixola que imos dar leña, que imos dar caña". Isto é promover a violencia de xénero, Sra. Veloso.

Non só iso, senón que cando estabamos alí con todos os panfletos políticos e todas as bandeiras que enarboraban Galicia Nova e BNG, aparecían tamén panfletos para que Galicia Nova enviase información e achegaban no panfleto nomes e apelidos para dalgún xeito recadar afiliados o que probablemente era a súa intención.

A páxina web do Concello en materia de violencia de xénero está sen actualizar, con contidos desfasados e a maior parte dos programas que aparecen son do goberno da Sra. Porro. A campaña municipal de igualdade é do ano 2007; nos dereitos da muller vítima de violencia de xénero aparece o II plan de acción municipal de 2004-2007; a memoria da Casa de Mulleres, do Centro de Información á Muller e Servizo de Axuda á infancia é do ano 2007.

Podemos facer un suma e segue con respecto á web e ao interese e a importancia que lle deron ao traballo da Sra. Porro durante os anos de goberno pero cremos que deberían ter traballado porque hai moitas actuacións en concellos, tanto galegos como de fóra de Galicia, mesmo concellos coma o de Lugo da súa mesma cor política, que poderían ter feito un corta e pega de todas as actuacións que teñen con respecto á violencia de xénero.

Exactamente o mesmo a Xunta de Galicia, o Concello de Madrid... temos unha ampla variedade. As cifras seguen aumentando, vostedes seguen a facer máis do mesmo, tentan separar aos cidadáns e en materia de violencia de xénero exactamente igual.

Tamén presumían de que no ano 2008 aumentaría el presuposto en materia de violencia de xénero. Descendeu un 18%. O presuposto de igualdade tamén sufriu unha redución dun 3% e gástanse máis de 18.000 euros en axendas en plena crise e coa situación que temos. Neste grupo cada concelleiro tiñamos por tres as axendas que vostedes facían. En publicidade e propaganda 18.000 euros.

Na celebración do 8 de marzo, Día internacional da muller, vostede cre que se poden gastar máis de 50.000 euros? Coido que as prioridades das mulleres non son celebrar un día senón que se poñan os recursos necesarios de emprego, contra a violencia de xénero, de formación e de moitas medidas que polo que se

ve non están a tomar en conta.

SRA. VELOSO RÍOS: Falando de unidade na defensa das mulleres vítimas da violencia de xénero, na loita pola igualdade entre homes e mulleres, é curioso porque precisamente eu tiña pensado comezar reprochándolle ao Partido Popular que presentase esta moción porque como ven ningún outro grupo político presentou unha moción co gallo do 25 de novembro porque de feito o pasado 29 de novembro xa aprobamos unha declaración institucional relativa a esa celebración do 25 de novembro, elaborada polo Consello Municipal da Muller onde están representados os tres grupos políticos que estamos neste Pleno.

Esta é ademais a consecuencia dun percorrido ao longo deste mandato que vai dende a presentación de mocións co gallo do 25 de novembro por parte de todos os grupos políticos, nas que se facían debates que en ocasións efectivamente coincido coa Sra. García Míguez en que se facía un uso político indebido dos argumentos en contra da violencia de xénero, foise evolucionando para consensuar esas moción ata finalmente chegar aprobar como declaracións institucionais as propostas do Consello Municipal da Muller no que estamos representados os tres grupo políticos.

Por certo, Sra. García Míguez, vostede é a representante do Partido Popular nese Consello así que vostede ten a posibilidade e a capacidade de intervir nese Consello Municipal da Muller para dicir todo o que lle parece ben ou mal do que se fai dende o mesmo Consello, como por exemplo a organización do 8 de marzo que se fai dende ese Consello.

Por iso o primeiro que quería facer e reprochar ese tema: este Pleno xa se manifestou en contra da violencia de xénero de xeito unánime aprobando unha declaración institucional elaborada e aprobada polo Consello Municipal da Muller, que precisamente o que se pretende é que cada vez teña un papel maior e unha intervención maior neste Pleno. Precisamente vostedes, que son os que ultimamente defenden a capa e espada a participación da cidadanía no Pleno do Concello de Vigo, agora mesmo o que están facendo é pasar absolutamente dunha declaración institucional elaborada polo Consello Municipal da Muller e presentando unha moción pola súa conta e risco. Realmente me parece un

desprezo importante aos movementos de mulleres desta cidade.

En todo caso é un desprezo que xa demostran tamén dende a Xunta de Galicia coa desaparición do Servizo Galego de Igualdade que xurdiu precisamente como demanda dos grupos de mulleres, co recorte das subvencións ás asociacións de mulleres ou co rexeitamento de crear o Consello Galego das Mulleres o pasado mes, iso que está recollido na lei 11/2007 e que vostedes mesmos piden nesta moción que se desenvolva.

Son esas contradicións do PP como por exemplo que Galicia sexa unha das comunidades nas que mellor se cumpre a Lei do aborto, segundo un informe da Asociación de Clínicas acreditadas para a interrupción voluntaria do embarazo.

Ademais nesta moción tamén piden que se poñan en marcha medidas para atender aos menores cando neste Concello dende xaneiro hai un servizo específico para os menores fillos e fillas de vítimas de violencia de xénero, que por certo non recibiu subvención da Xunta. Non sabemos por que, precisábase 57 puntos e tivemos 56.

Tamén hai unha serie de cousas que vostede aparentemente descoñece e probablemente por falta de información pide a creación dunha mesa de violencia que xa está a funcionar dende o mes de maio. Dende logo o que non sabe é mirar unha páxina web: [Igualdade Vigo.org](http://IgualdadeVigo.org), está totalmente actualizada e ten unha sub-web específica de violencia con todos os datos actualizados a día de hoxe. Coido que ten un problema e quizais debería acudir a algún curso da concellería de Igualdade de manexo de novas tecnoloxías porque non chegou á páxina correcta. Coido que debería ter máis información.

Nós usamos os cartos para campañas de sensibilización, non para propaganda. Non recortamos o 15% dos orzamento como fai a Xunta de Galicia para o ano que ven, o BNG presentou unha emenda no Parlamento que esperamos que aproben para que non haxa que facer constantes aumentos das partidas para poder pagar o salario da liberdade que está sen pagar.

Tamén imos facer unhas achegas en positivo e propoñemos unha emenda para enriquecer este texto co que por suposto non podemos estar en desacordo. Sería unha nova redacción do primeiro punto: “Rexeitar a violencia de xénero como manifestación brutal da violencia que se exerce contra as mulleres polo simple

feito de selo, moito máis aló da cuestión relacionada coa violencia nas parellas”. No segundo punto engadir un parágrafo: “Solicitar á Xunta de Galicia que non recorte os recursos económicos para as políticas de prevención da violencia de xénero”. E unha nova redacción para o cuarto punto: “Solicitar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galicia que poñan en marcha todas as medidas oportunas para garantir a protección dos menores e das menores que viven no seu contorno unha situación de violencia de xénero”.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Sorprendeume esta moción, sobre todo porque non é unha moción para este Concello, senón que para todos os concellos dende o Partido Popular. Pódese ver que non ten o nome específico de Vigo pero, ao contrario do que dicía a compañeira Sra. Veloso, paréceme significativo que o Partido Popular se preste polo menos a pensar neste problema dun xeito tal como para pedir a colaboración dos demais grupos.

Os grupos Socialista e o do BNG levan facendo isto moitos anos pero se non lle importa, direille que no ano 2004 aprobouse a Lei contra a violencia de xénero por parte do Goberno Socialista a nivel nacional. A partir de aí xurdiu tamén na Xunta de Galicia a Lei da comunidade autónoma, esa lei que vostedes poden agora desenvolver sen ter que pedir axuda ningunha de apoio porque a teñen vostedes completa, é dicir, teñen maioría absoluta e poden facer verdadeiras marabillas e estaremos disposto a apoiarlles sempre porque o que nos interesa é o seu desenvolvemento.

O que hai que facer é poñerse a traballar, non prometer que, deixarse de que isto vaise facer, como por exemplo di o seu deputado, Sr. Rueda, cando di “farase”: “O conselleiro da Presidencia e das Administracións Públicas, Alfonso Rueda, garantiu que os 850.000 euros presupostados para a rehabilitación do Centro de Recuperación Integral das mulleres que sofren violencia de xénero si se gastarán para permitir a súa apertura”. Vanse gastar e o ano que ven o PP porao en marcha. Señores, levan dous anos de atraso, xa podía estar en marcha.

Tamén me gustaría saber se teñen vostedes xa en marcha o Centro de Recuperación Integral que está na Lei, nos apartados adicionais. Tamén se creou a comisión interdepartamental de igualdade, outra cousa que é obriga facer pola

lei galega. Me gustaría saber se o Consello Galego de Mulleres e se o Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero tamén funcionan.

A verdade é que vostedes nos acusan de improvisación; vostedes non improvisan, teñen moi claro o que non queren facer e por iso alongan a cuestión. Aquí houbo palabras cara á educación que non vou repetir para que non digan que me refiro a algo concreto. Son capaces unha e outra vez de se negar a apoiar propostas tan lóxicas, tan normais e tan imposibles de mirar cara outro lado que non se comprende que vostedes voten que non. Nós votamos as súas propostas tamén en positivo, non todas pero si bastantes delas, vostedes non son quen de votar unha soa en positivo.

As responsabilidades non son en primeiro lugar do Concello e logo da Xunta, e ao revés, primeiro da Xunta e logo do Concello. Isto dos consensos e de que se faga cargo o Concello do que non se fai cargo a Xunta cando lle corresponde é unha mala política. Non se pode mirar cara outro lado.

Nós temos moi claro que as súas políticas van nunha dirección moi evidente: de ser posible a privatización de todo absolutamente. O apoio ás cousas públicas non lles importa, a verdade é que procuran por todos os medios evitalas a ver se na desfeita melloran outros apartados.

Neste caso, Sra. García, apoio todas estas propostas coas melloras que presentou a Sra. Veloso, a redacción paréceme máis apropiada e non esquezan que temos moi claro que o seu camiño non é o público, é outra cousa.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Por suposto non imos aceptar a emenda porque cremos que o Goberno do Sr. Zapatero, lonxe de modificar a Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, eliminou o apoio para os menores que é unha proposta do Partido Popular e nós cremos que o apoio aos menores é fundamental e o Goberno central debe tomar medidas con respecto a isto.

O que si denunciou o Partido Popular no seu momento é que o goberno destinou, cando a Sra. Aído estaba de Ministra de Igualdade, o 63,8% do seu presuposto de igualdade a gastos correntes e persoal e gastouse unha cantidade inxente de cartos sinxelamente para cambiar a palabra “membros” a “*membras*”. Esta foi a

única repercusión que tivo porque a súa política de igualdade foi absolutamente nula, nunca houbo tantas mulleres maltratadas, tantas vítimas de violencia de xénero asasinadas no noso país tendo un ministerio, sendo un dos pouco países no que tiñamos un ministerio de Igualdade. Podíamos telo aproveitado, unha mágoa que non o teñan feito.

Vostede non acudiu á manifestación contra a violencia de xénero, nós non a vimos. O seu apoio será aos seus actos sectarios porque por primeira vez en tres anos vivimos algo sorprendente. No Consello da Muller ninguén nos comunicou que podíamos levar bandeiras do Partido Popular, vostedes si levaron de Galicia Nova e do BNG, parecía un acto dun partido político.

Ademais diso o Grupo Socialista tampouco estivo representado en ningún momento nesa marcha. Ao ver tal sectarismo e ver esa situación, dende o Partido Popular tomamos a decisión de irnos porque estes panfletos ademais eran un completo ataque ao Partido Popular e a outras organizacións. Cando ante estas situacións debemos estar unidos, o que están a facer vostedes é confrontando aos cidadáns constantemente, tentaron facelo coa lingua galega e saíulles mal porque o galego tamén é noso, é de todos. Coa violencia de xénero constantemente están enfrontando a todas as organizacións relixiosas, sindicais, partidos políticos a fin de utilizalo para gañar votos e tamén vailles saír mal, os cidadáns xa llo demostraron.

Se queren proben pero dende o Partido Popular, na medida que poidamos, imos apoiar dende o Concello a que se tomen as medidas oportunas para que isto deixe de acontecer.

A PRESIDENCIA: Dada que a proposta de emenda non foi aceptada polo Grupo proponente, procedemos á votación nos termos que aparecen na moción.

Por escrito de data 13 de decembro, a voceira do Grupo do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte emenda:

Dar unha nova redacción ó punto un que quedaría como segue:

1.- Rexeitar a violencia de xénero como manifestación brutal da violencia que se exerce contra as mulleres polo sinxelo feito de selo.

No punto 2 engadir outro parágrafo co seguinte texto, xa que nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano que vén vanse producir uns recortes do 15%, superior ó recorte medio xeral:

– Solicitar á Xunta de Galicia que non recorte os recursos económicos para as políticas de prevención da violencia de xénero.

Dar unha nova redacción ó punto 4 que quedaría como segue:

4.- Solicitar ó Goberno do Estado e á Xunta de Galicia que poña en marcha todas as medidas oportunas para garantir a protección dos e das menores que vivan no seu contorno unha situación de violencia de xénero.

A relatora da moción, Sra. García Míguez, non acepta a anterior emenda polo que a Presidencia non a somete a votación.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do grupo municipal do PP, Sra. García Míguez, en demanda da adopción de novas medidas para a loita contra a violencia de xénero, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

INTERVENCIÓN DA SRA. VELOSO RÍOS: Cuestión de orde sobre a explicación de voto. Entendo que intervín no debate pero houbo unha proposta de emenda a un texto.

A PRESIDENCIA: Non, Sra. Veloso, vostede xa interveu, propuxo unha emenda, fixo a súa intervención no debate, non se acepta a emenda e por tanto se vota a proposta orixinal e así é o trámite no regulamento.

6.- ASUNTOS URXENTES.

6.1.-(299). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DEMANDANDO UNHA NOVA

ORDE DE SUBVENCÍONS PARA ENTIDADES DEPORTIVAS POR PARTE
DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 75/1101. APROBADA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 8 de novembro, expediente 75/1101, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez, formula a seguinte moción:

“Os clubs deportivos da cidade de Vigo son unha parte fundamental do sistema deportivo local e cada día demóstrano co seu traballo e a súa achega á sociedade. Todas as administracións públicas teñen que traballar conxuntamente co obxectivo de colaborar na consolidación das súas estruturas.

Durante estes últimos anos, as entidades deportivas sen ánimo de lucro están vendo minguados os recursos económicos dende o ámbito privado debido á crise. Ante esta situación todas as administracións públicas galegas debemos compensar esta situación ou cando menos non agrandala.

O Concello de Vigo, durante os anos do presente mandato, fixo realidade este criterio a través do incremento, ano tras ano, dos orzamentos dedicados á execución das convocatorias públicas de axudas a actividade das entidades deportivas sen ánimo de lucro de Vigo.

Esta competencia de apoio ás entidades deportivas, atópase inicialmente compartida con outras administracións galegas, de forma concreta co actual Goberno Galego a través da Secretaria Xeral para o Deporte. Durante os anos do mandato do actual goberno da Xunta de Galicia os créditos destinados nos orzamentos a través da Secretaria Xeral para o Deporte no ámbito da actuación de axudas a través das subvencións a entidades sen ánimo de lucro, vense diminuídas de maneira progresiva. Pero o máis grave sucede no actual período orzamentario 2010.

As entidades beneficiarias das subvencións a nivel galego:

- N^o de entidades beneficiarias (cada ano) das axudas a entidades: 1.200 entidades en toda Galicia.
- Importe económico destinado a estas axudas: entre 3.600.000 e 4.000.000 de euros.

Datos extrapolados a Vigo:

- N^o de entidades beneficiarias cada ano (no período dos últimos 5 anos): 160 entidades.
- Crédito destinado a Vigo nestas axudas: 670.000 euros

A resolución do 18 de outubro de 2010 da Secretaria Xeral para o Deporte

determina que a concesión de subvencións reguladas nesa resolución será con cargo á aplicación orzamentaria de 2011 e terá unha contía máxima por beneficiario de 30.000 euros, polo que un importante número de entidades de alto nivel verán minguados de maneira importante os seus recursos.

No ámbito do deporte galego:

- Mais de 1.100 entidades deportivas galegas se quedarán sen subvención no ano 2010.
- Pérdense mais de 2.000.000,00 € dos créditos contemplados nos orzamentos da Xunta para a actividade das entidades deportivas sen ánimo de lucro.

No ámbito do deporte vigués:

- Máis de 140 entidades deportivas viguesas deixan de percibir subvención no ano 2010.
- Existe un perda económica valorada en máis de 400.000,00 € en relación os clubs vigueses.

Polo exposto chegamos a unha conclusión moi preocupante para o tecido asociativo deportivo galego e vigués, xa que a través dun grave incumprimento por parte da Xunta de Galicia, a situación económica destas entidades pode converterse nun problema insalvable.

Polo exposto, e tendo en conta os valores que as entidades deportivas aportan á sociedade e de acordo coas competencias que en materia de deporte ten a Administración Galega e de forma concreta a Secretaria Xeral para o Deporte, atendendo a que a actuación da Secretaria Xeral para o Deporte para este ano suporá a perda das subvencións aos clubs galegos durante o ano 2010, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Reclamar ante a Xunta de Galicia e de forma específica á Secretaria Xeral para o Deporte, que en base as competencias da mesma e á importancia que teñen as entidades deportivas sen ánimo de lucro no sistema deportivo galego, se inicie a tramitación de maneira urxente dunha nova orden de subvencións para atender a actividade destas entidades na tempada 2009/2010, e vinculada aos orzamentos do ano 2010, recuperando os niveis de achega económica dos anos anteriores, para os cales existía dotación orzamentaria no actual orzamento da Xunta de Galicia do ano 2010.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de novembro, ditamina favorablemente.

A PRESIDENCIA: Quero propoñerlles, se lles parece ben, que procedamos ao

debate conxunto da urxencia e do fondo e logo faremos as votacións separadas. Sr. Alonso, ten a palabra para a urxencia cun tempo de tres minutos; logo no debate haberá cinco minutos caso de se aprobar a urxencia. Non se acepta.

DEBATE DA URXENCIA. SR. ALONSO VÁZQUEZ: A urxencia da moción para reclamar unha nova orde de subvencións para entidades deportivas por parte da Xunta de Galicia é que estamos no mes de decembro, está a rematar o ano 2010 e as subvencións para atender as actividades da tempada 2009-2010, vinculadas aos orzamentos do ano 2010 da Xunta, que representaban tres millóns de euros para os clubs deportivos, que como se sabe están a pasar un momento difícil pola situación económica do país o que fai que as achegas do sector privado diminúan e por parte das administracións temos a obriga de atender esta necesidade.

A Xunta de Galicia no orzamento do ano 2010 tiña contemplada unha cantidade de cartos para estas subvencións e nestes momentos en que está a rematar o ano aínda non as fixo efectivas. O máis grave da situación é que con data 18 de outubro de 2010 a Secretaría xeral para o Deporte xa determina que as subvencións do ano 2010 se paguen no ano 2011.

Nunha xuntanza cos clubs da cidade, preocupados por esta situación de que se perda a subvención de todo un ano para as entidades deportivas, manifestaban a súa estrañeza polo argumento que daba a Secretaría xeral do Deporte para eliminar esta subvención do ano 2010 e pasala ao 2011. O argumento que lles daba ás entidades deportivas foi que así poderían xustificar ata decembro do ano 2010.

Estrañábanse porque coñecen cal é o mecanismo de subvención do Concello de Vigo que o que facemos e adaptármonos ao calendario deportivo das federacións de tal xeito que os clubs que fan o orzamento do ano adaptado ao calendario deportivo xa saben cando fan o orzamento en que categoría van militar, polo tanto é fundamental que as axudas das subvencións teñan en conta esa situación.

Por exemplo no Concello de Vigo o que facemos coas subvencións que damos de fútbol, que o calendario comeza en agosto e remata en xullo do ano que ven,

poden xustificalas todo o ano pero de acordo co calendario deportivo.

Coa xustificación que lles daba a Xunta de Galicia de que o atraso ao ano 2011 se debía a un problema de que puideran xustificar os últimos tres meses do ano, resulta que eses meses do ano anterior non os poderían xustificar. Non é máis que unha xustificación para non pagar os tres millóns de euros que lles corresponden ás entidades deportivas, de aí a urxencia.

SR. FIGUEROA VILA: Non estamos de acordo coa urxencia porque isto é unha trécola para tratar o tema no Pleno. Esta moción presentouse o día 8 de novembro, vostedes teñen unha cota de mocións e podían substituír esta pola outra que presentaron. Correspóndelle unha a vostedes, dous ao PSOE e catro ao Partido Popular que é o que marca o regulamento. Están a facer unha trampa, teñen os votos e poden facela e fagan o que estimen oportuno. Se teñen unha cota teñen que se adaptar a ela.

Non nos preocupa tratar o fondo do tema pero o que realmente nos preocupa é que vostedes desvirtúan o regulamento porque cos votos que teñen poden presentar todas as mocións que queiran fóra da orde do día. Se realmente fose urxente e a presentaran logo da Xunta de Voceiros si, pero realizouse á Xunta de Voceiros posteriormente a que vostedes presentaran esta moción.

Sr. Alcalde, queremos que conste na acta que isto nos parece unha trécola legal para desvincularse do regulamento e iso non nos parece ben. Estamos dispostos a votar as urxencias de todas as mocións cando tiñan un criterio pero esta imos votala en contra dun xeito testemuñal para expresar o noso rexeitamento ao tratamento que vostedes lle dan.

(Durante a votación da urxencia está ausente a Sra. Iglesias Bueno do Grupo Popular)

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso

Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbase a declaración da urxencia.

DEBATE.- SR. ALONSO PÉREZ: En primeiro lugar aclarar que esta moción aparece de acordo do regulamento, nós temos dereito a unha por urxencia e así a presentamos. A urxencia real é que está rematando o ano 2010 e as entidades deportivas non teñen cobrado a subvención que lles corresponde.

Este Concello no último ano tivo moitos recoñecementos do Consello Superior de Deportes e de distintas federacións e non vou facer un relatorio de todos os que tivo en materia deportiva porque sería moi extenso, pero eu sempre digo que estes recoñecementos teñen moito que ver coa cantidade de persoas que están adicadas ao mundo do deporte, facendo un traballo social enorme e sen remuneración. Sen esta rede social sería imposible que o Concello de Vigo levara adiante toda a actividade deportiva que temos e seguro que non sería merecedor destes recoñecementos.

Por iso, nun momento en que existe unha situación de política económica difícil, cando as entidades deportivas fan ese esforzo enorme e resulta que desaparecen a maioría dos apoios privados, as entidades públicas debemos estar aí para axudar a estas necesidades polo traballo social que desenvolven as entidades deportivas.

A Xunta de Galicia, dende que o Partido Popular está ao fronte do deporte do país, ten diminuído as achegas nos tres anos, cada ano menos achegas ao deporte. O Concello de Vigo nestes tres anos temos aumentado as subvencións ano tras ano e ademais, para favorecer ao cobramento das subvencións, o que facemos é realizar convenios por anticipado cos clubs que teñen dificultades para

que eses cartos os poidan recibir antes.

É grave a diminución das achegas pero nunca houbo tanta gravidade e nunca pasou nunha administración que todo o diñeiro do orzamento dun ano desaparecese. Iso nunca pasou e por iso a gravidade desta situación. A nivel de Galicia son 1.200 as entidades que realmente recibían estas subvencións e a nivel do Concello de Vigo son 160. Estamos a falar dun montante de 3.600.000 euros a nivel galego e de 670.000 euros aos clubs da cidade.

A resolución do 18 de outubro do ano 2010 da Secretaría xeral para o Deporte determina que a concesión das subvencións do ano 2010 se pase ao ano 2011, facendo desaparecer as subvencións do ano 2010.

Por esta situación, moi preocupante para o tecido asociativo deportivo galego e vigués, xa que a través dun grave incumprimento por parte da Xunta de Galicia a situación económica destas entidades pode converterse nun problema insalvable, é polo que o BNG presentou no Parlamento Galego unha pregunta á Xunta de Galicia sobre onde foi destinado o diñeiro que debería ser para as subvencións dos clubs de Galicia. Tamén presentamos no Parlamento Galego unha proposición non de Lei para que a Xunta asuma canto antes esta situación e poña o diñeiro no ano 2010.

Polo exposto, tendo en conta os valores que as entidades deportivas achegan á sociedade e de acordo coas competencias que en materia de deportes ten a administración galega, de forma concreta a Secretaría xeral para o Deporte, atendendo a que a actuación desta Secretaría para este ano suporá a perda das subvencións aos clubs galegos durante o ano 2010, o Grupo municipal do BNG presenta esta moción.

Deseguido o Sr. Alonso Pérez procede a ler o texto da parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

SR. FIGUEROA VILA: Como vostedes comprenderán están tentando manipular unha realidade. Vostede sabe como se computaban as subvencións e sabe perfectamente que nos meses de outubro, novembro e decembro non se podían facer as xustificacións porque a Xunta pecha o 15 de outubro o seu presuposto

para incorporación de remanentes aos exercizos seguintes.

O que se fixo para que os clubs puidesen xustificar estes tres meses xa que moitos deles teñen dificultades, foi facer a consignación presupostaria para o ano seguinte. Cando remate o mandato vaise dar sempre esa situación, polo tanto nos catro anos de mandato vanse pagar catro anos. Por iso digo que vostede está tentando manipular unha realidade.

Con respecto ás axudas a clubs, coñezo ben este tema porque cando foi a implantación dos baremos aos clubs de Galicia e logo, cando tiveren a sorte de ser o responsable de deportes na cidade de Vigo, tamén se implantaron uns criterios de subvención en base a categorías, ao número de clubs, modalidades, etc. É certo que se foron corrixindo, modificando, como non pode ser doutro xeito. Había clubs que no seu momento tiñan unha serie de finalidades, ou de obxectivos, ou de importancia e pouco a pouco foise modificando.

Con respecto ás axudas e subvencións, tanto do Concello de Vigo como da propia Xunta de Galicia, mesmo me atrevería a dicir porque o coñezo ben da Deputación, coido que sempre se mantivo un criterio razoable, equilibrado, coherente, responsable e nunca houbo ningún problema, senón que foi un criterio de ir sumando. Houbo un momento determinado onde moitos clubs doutras cidades criticaban porque os clubs de Vigo recibían unha subvención multiplicada por tres case similares. Logo había matizacións porque os clubs en base á importancia que puidesen ter na cidade ou en Galicia en momentos determinados ou na propia Deputación a nivel provincial, pois evidentemente se equilibraban eses baremos.

Coido que ese criterio se mantivo e se segue a manter. Podía facerlle un relatorio dos datos de axudas e subvencións a clubs onde se están a incrementar paulatinamente todas as axudas. Evidentemente se van regulando porque hai clubs que descenden, non se pode facer un baremo global porque non é o mesmo na época en que por exemplo había catro clubs a nivel galego na ACB, catro na ASOBAL, etc., porque iso se multiplicaba e incrementaba as partidas.

Coido que vostede sabe perfectamente o que lle estou a dicir e sabe que isto é unha cuestión puramente técnica, administrativa, de consignación presupostaria única e exclusivamente. Sabe que os clubs van cobrar exactamente o mesmo

diñeiro, o que pasa é que van poder xustificar en outubro, novembro e decembro o que vai ser unha vantaxe porque moitos deles se quedaban sen eses cartos porque non podían xustificar ou mesmo estaban apurados para facelo.

Vostede sabe que os presupostos se aproban en xaneiro, sabe que hai que facer unha convocatoria ás bases, hai que fallar esas bases, hoxe o tema das subvencións está moito máis lexislado e regulado nas bases de subvencións onde hai que facer uns criterios en base a uns concursos, etc. e sabe que iso xera unha dificultade, polo tanto coido que aquí non hai ningún problema.

Eu traslado aos clubs de Vigo e de Galicia a total e absoluta tranquilidade e proba disto é que non hai ningunha queixa dos propios clubs porque se os clubs se quedasen sen unha subvención como vostede di non se preocupe que xa estarían todos chamando, reclamando e reivindicando o que considerasen oportuno. Isto non se está a facer, sabemos que se están asinando convenios regularmente con todos eses clubs de patrocinio e non hai ningún problema. Non queiran ver cousas onde non as hai, só unha cuestión meramente técnica e presupostaria.

Imos votar en contra desta moción porque entendemos que os clubs van cobrar regularmente o que lles pertence pola temporada do ano 2010 e así sucesivamente. Esta é a explicación que lle temos que dar e non me gustaría darlle o relatorio de todos os datos que teño de clubs, incrementos, etc. Coido que vostedes nese aspecto non nos poden dar leccións de nada. Tampouco os critico, coido que o deporte en xeral en Galicia, en Vigo e na provincia de Pontevedra está bastante ben tratado por todas as administracións. Se somos xustos temos que recoñecer esta afirmación.

SR. ALONSO PÉREZ: Isto non é unha cuestión nin técnica nin administrativa, isto é que desapareceron tres millóns de euros do ano 2010 adicados aos clubs deportivos e xa sabemos onde están porque cando fixemos a pregunta no Parlamento aínda non pero agora si e vou explicalo.

Acaba de chegar o secretario xeral do Deporte a Vigo para facer unha rolda de prensa esta tarde preocupado porque os clubs están reclamando as subvencións do ano 2010.

Cando o Partido Popular presenta o orzamento do ano 2010 en novembro do ano

2009, o BNG presentou unha emenda porque faltaba a partida de tres millóns de euros adicada ao INEF de A Coruña e non se tivo en conta. Cando sae a orde de outubro do ano 2010 preocupábanos porque no orzamento do ano 2010 existían os tres millóns e tivemos que buscar onde estaban. Apareceron, na execución do orzamento do ano 2010 había unha modificación de crédito no primeiro semestre onde os tres millóns de euros de todas as entidades deportivas pasábanse ao INEF de A Coruña. Aquí está o documento: transferencia positiva a cargo do INEF de A Coruña, transferencia negativa de tres millóns de euros das entidades deportivas.

Non é certo que en catro anos vaian cobrar catro veces porque xa está presentado o orzamento do ano 2011 e volven aparecer tres millóns de euros, non seis, ou sexa que hai tres millóns que desapareceron. Eu son nobre, non estou acusando ao Partido Popular de nada máis estraño do que está comprobado documentalmente.

Os clubs non protestan porque lles din que estean tranquilos que lles van pagar en febreiro do ano 2011 e estou seguro de que vai ser así pero co diñeiro do orzamento do ano 2011. O ano 2010 pérdese nun momento moi grave coma o que están a pasar as entidades deportivas.

Con corrección, con educación, con nobreza non quero máis que reivindicar o que os clubs están a facer, nada máis.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Alonso

Pérez, instando reclamar unha nova orde de subvencións para entidades deportivas por parte da Xunta de Galicia, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1.-(300). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 25 de outubro e 29 de novembro de 2010.

1.2.-(301) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellarías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 25 de outubro e 29 de novembro de 2010.

1.3.-(302). DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 26 DE OUTUBRO DE NOMEAMENTO DE PRESIDENTE E SECRETARIO DO TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 26 de outubro de 2010, o Alcalde-Presidente ditou a seguinte resolución:

“Por resolución da Alcaldía de data 22 de decembro de 2009, procedeuse á convocatoria para os cargos de presidente e secretario do Tribunal Económico-Administrativo do Concello ao abeiro do disposto no Regulamento orgánico do Tribunal Económico-Administrativo (BOP 15.06.04)

O Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 28 de xuño acordou declarar deserta a convocatoria para a designación dos cargos de presidente e secretario do Tribunal Económico-Administrativo municipal e incoar expediente de modificación do Regulamento do Tribunal Económico-Administrativo para, no marco actual de austeridade e contención do gasto público, modificar o modelo do Tribunal, prevendo as distintas posibilidades no desempeño dos cargos obxecto de convocatoria, incluíndo o recurso ao persoal municipal propio en réxime de adicación parcial ou por asistencia.

Con data 23 de xullo remítese a esta Alcaldía escrito da concelleira delegada de Economía e Facenda no que, considerando que, segundo o disposto no artigo 2.b) do Regulamento do Tribunal Económico-Administrativo municipal, correspóndelle a dito órgano o ditame sobre o proxecto de ordenanzas fiscais, con carácter preceptivo e previo á súa aprobación inicial, solicítase a adopción das medidas necesarias a efectos da súa constitución coma órgano colexiado para a emisión de ditame ás ordenanzas fiscais 2010.

Tramitado expediente de modificación do regulamento (1177/110) e sometido a ditame da comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión ordinaria de data 18.10.10 retirouse da orde do día, polo que resulta urxente a adopción de medidas que garantan a tramitación dos expedientes de modificación das ordenanzas fiscais, así como un funcionamento normal do TEAM. Dentro das ditas medidas ten encaixe a opción, xa utilizada con anterioridade polo RA do 02.11.2005, que o actual regulamento en vigor permite no seu artigo 3, apartado 6, cando sinala que se algún dos membros non puidera exercer as súas funcións durante un período prolongado de tempo será suplido, mediante nomeamento accidental acordado polo alcalde, por un funcionario que reúna os requisitos que se establecen no propio regulamento.

Así pois, estando integrado o TEAM dende o 28 de febreiro unicamente polo seu vocal, ao non poder conformarse como órgano colexiado pola xubilación do seu presidente, quedando dende dita data sen efecto cantos nomeamentos provisionais existisen,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear a don Albino Rodríguez Ferreira presidente do Tribunal Económico-Administrativo por vacante do cargo, ata o nomeamento do presidente titular polo Pleno da Corporación segundo o disposto no artigo 137 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.

Segundo.- Nomear a don Manuel Xosé Lorenzo Penela secretario do Tribunal

Económico-Administrativo por vacante do cargo, ata o nomeamento do secretario titular polo Pleno da Corporación segundo o disposto no artigo 137 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.

Terceiro.- En virtude do especial rendemento requirido e dado o carácter obxectivo no desempeño dos cargos, os funcionarios nomeados percibirán, durante o período en que desempeñen as funcións mencionadas e en concepto de produtividade, excluída do previsto nas instrucións do cadro de persoal, a diferenza retributiva que poida existir entre os complementos de destino e específico dos postos que son titulares e os cargos para os que se lles nomea provisional e accidentalmente.

Cuarto.- O tempo no desempeño accidental das funcións ás que se refiren os nomeamentos, en ningún caso computará a efectos de consolidación do grao persoal dos afectados.

Quinto.- O presente nomeamento, de carácter temporal e accidental, terá efectos unicamente durante o tempo necesario para a cobertura dos cargos segundo a modificación prevista para o regulamento orgánico.

Sexto.- Notificar a presente resolución aos funcionarios interesados, ao vocal do TEAM, ao anterior secretario do TEAM e aos departamentos municipais de Persoal, Tesourería e Intervención Xeral.

Sétimo.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na vindeira sesión que realice este órgano”.

Da anterior resolución a Alcaldía-Presidencia da conta ao Pleno da Corporación.

1.4.-(303). DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 28 DE OUTUBRO DE DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS NO TENENTE DE ALCALDE DON SANTIAGO DOMÍNGUEZ OLVEIRA.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 28 de outubro de 2010, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia da concelleira dona María Méndez Piñeiro, dende o 29 de outubro ata o 14 de novembro de 2010, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e seguintes do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña resolución do 05.07.2007, da concelleira dona María Méndez Piñeiro, delegada da Área de Benestar Social.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de dona María Méndez Piñeiro, no tenente de alcalde don Santiago Domínguez Olveira, dende o 29 de outubro ao 14 de novembro.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2586/1986.

Quinto.- Da presente resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2586/1986, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación aos efectos de quedar decatado da mesma.”

Da anterior resolución a Alcaldía-Presidencia da conta ao Pleno da Corporación.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non houbo ningunha petición de comparecencia.

4.- MOCIÓNS.

4.1.-(305). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO ALCALDE O APOIO E DEFENSA DO SECTOR DO COMERCIO E HOSTALERÍA. EXPTE. 52/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de outubro, expediente 52/1101, o concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

“O resultado do último barómetro do Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS) do mes de setembro, volve sinalar que o paro e a situación económica son as principais preocupacións dos cidadáns.

Vigo, que é unha cidade industrial, comercial pero tamén de servizos, está notando gravemente os efectos da crise e da equivocada política do Sr. Zapatero desde o goberno de España e do Sr. Caballero desde o goberno da cidade.

Comercio e hostalería, sectores básicos e fundamentais no desenvolvemento económico e social de Vigo, están a sufrir en “primeira liña” as consecuencias da crise; e os datos así o reflicten: desde que o Sr. Caballero é alcalde, a cidade conta con 1.336 autónomos menos e preto de 1.800 comercios baixaron a persiana para non volvela abrir.

O ano pasado presentouse como “innovador” un programa de subvencións para dinamizar o consumo a través de axudas a familias con necesidades económicas. A improvisación coa que se lanzou aquel proxecto fixo que resultara un auténtico fracaso: este ano tan só se presentaron 157 solicitudes válidas das 1.000 que polo menos se agardaban.

Este grupo político non entende como habendo na cidade máis de 40.000 persoas baixo o limiar da pobreza e 27.844 desempregados, o goberno municipal, pola súa falta de xestión, liquide na práctica un programa destinado a axudar tanto ó comercio como ás persoas que peor o están pasando.

Polo antedito, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ó Alcalde de Vigo a que defenda e apoie ao sector do comercio e a hostalería cun paquete de accións eficaces que axuden a mellorar a difícil situación que están atravesando.”

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 18 de outubro, ditamina favorablemente.

O concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: En primeiro lugar quero agradecer o interese do Partido Popular polo pequeno e mediano comercio porque efectivamente é un sector moi importante da nosa cidade e agradezo esta moción porque ademais me vai permitir que fale e lles informe de cousas das que, segundo o que vostede presenta nesta moción, non están debidamente informados pero benvida sexa esta.

Sr. Fidalgo, gustaríame que este interese que vostede traslada hoxe aquí e que é bo para o pequeno e mediano comercio, lle diga ao seu compañeiro de filas e deputado, Sr. López-Chaves, que por favor tamén o traslade ao seu goberno da Xunta de Galicia e que lle solicite axudas directas para o pequeno e mediano comercio, que solicite campañas directas e que critique o brutal recorte que para infraestruturas para o pequeno e mediano comercio, pónase por caso os mercados municipais, está a sufrir esta cidade.

Só lle vou dar un dato e vou defender a nosa acción neste goberno, non vou criticar á Xunta. O ano pasado este Concello solicitou máis de cinco millóns de euros de subvención á Dirección xeral para o Comercio para arranxos e obras nos mercados municipais que tamén son pequeno e mediano comercio. Esta cidade recibiu 300.000 euros, por poñer un caso exactamente igual que o que recibiu un pobo como Lalín. Gustaríame que isto tamén se reclamase.

En canto a Vigo eu lle teño dito ao Partido Popular moitas veces que a oposición ten que axudar ao goberno, controlándonos, poñendo enriba da mesa suxestións, ese é o seu labor. Pero por favor non para tinguir de negro un panorama que aínda que é complicado, o peor que lle podemos facer ao pequeno e mediano comercio vigués e sábeno os comerciantes desta cidade, é pintar todo de negro cando a realidade é difícil pero non negra.

Vostedes menten e dígollo así, Sr. Fidalgo, porque na súa moción din que 1.800 comercios baixaron a persiana para non volver abrir. Pois o día 6 de novembro deste ano a Cámara de Comercio, que non o BNG, emite un informe no que di textualmente e así o reflectiron os medios de comunicación “A cifra de apertura de comercios en Vigo cuadriplica ao número de peches”. Esta é a realidade dun informe da Cámara de Comercio e polo tanto non hai que pintar todo de negro senón que hai que colaborar.

Cando vostede di que o Concello liquida unha iniciativa que puxo en marcha está mentindo tamén. O Concello non liquida, é a primeira vez na historia desta cidade que no ano 2009 se teñen destinado 1.200.000 euros de axudas directas ao pequeno e mediano comercio e a familias para incentivar o consumo. En total no ano 2009 foron 930 as axudas que se concederon nesta cidade ao pequeno e mediano comercio. Ademais se concederon 309 axudas para familias e repartidos nos comedores sociais desta cidade para incentivar o consumo no pequeno e mediano comercio 378.000 euros.

Do ano 2010 voulle dar un dato que vostede non di na moción porque só reflicten o que para vostedes é negativo. Este ano, xa a semana que ven, imos empezar a repartir as axudas directas ao pequeno e mediano comercio que xa están aprobadas en Xunta Local de Goberno e que van serr un total de 1.741 para o pequeno e mediano comercio, practicamente o dobre das que se repartiron o ano pasado.

Polo tanto nada de liquidar esta iniciativa, todo o contrario, imos seguir nesta liña como nunca se fixo nesta cidade. Repito que 1.200.000 euros no ano 2009 e a mesma cantidade no ano 2010; 930 comercios beneficiados destas axudas no ano 2009 e 1.741 comercios desta cidade no ano 2010.

Remato cun dato: nos investimentos nos mercados municipais desta cidade máis de catro millóns de euros neste mandato. Estes son os datos e a realidade das axudas deste goberno ao pequeno e mediano comercio.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Quero romper unha lanza a favor do noso sector do comercio, da hostalería e da restauración porque os nosos establecementos son un referente en todo o territorio, non só galego senón tamén en Portugal. E isto é así precisamente porque nos últimos anos e non sen esforzo foron quen de modernizarse, adaptarse ás novas fórmulas de comercializar e ademais de colaborar entre eles, de adquirir unha formación que lles permitiu gañar en profesionalidade, tanto aos propios empresarios coma aos traballadores.

Insisto en que calquera que escoite ou lea esta moción que sexa cliente desta cidade, fóra da cidade, nese territorio no que somos referentes, pensaría que estamos pechados, que está botado o cadeado por todos os lados. Vostedes son

uns catastrofistas. Esta cifra de 1.800 comercios pechados vai cambiando, outra vez foi 2.000, outra 400, xa non sabemos.

O que si sabemos é que o informe da Cámara de Comercio que se basea no balance de altas e baixas do imposto de actividades económicas, di que por cada catro comercios que abren, pecha un. Esa é a realidade e non sei de onde saca vostede os datos.

Sr. Fidalgo, Sres. do Partido Popular, por todo isto quérolles dicir que non todo é un caos nesta cidade, afortunadamente os comercios poden competir. Xa non me vou referir ao que dixo o tenente de alcalde que expresou perfectamente todas as medidas de apoio que dende a súa concellería estanse a facer, pero a diferenza con outro mandato é que con este alcalde todos os establecementos da nosa cidade, sexan en barrios, en parroquias ou no centro teñen as mesmas oportunidades porque humanizamos esas rúas para que os seus comercios luzan máis, que sexa máis cómodo para os clientes poder pasar por eles e así poder comprar. A diferenza é esa: igualdade de oportunidades estean en Cabral, nas Travesas, en Coia ou na rúa do Príncipe, crear emprego.

Nese mesmo informe di que non houbo perda de emprego en preto do 88% dos establecementos, polo tanto algo tamén ten que dicir da importancia deste sector.

Vostedes non paran de poñer deberes a todo o mundo, falan do Goberno central, mete a Zapatero, aos parados, ao Goberno municipal... E vostedes que gobernan na Xunta de Galicia e na Deputación, que fan? Onde está o conselleiro de Industria e Comercio? Que é o que fan á parte de se dar publicidade? Que é o que está a facer a conselleira de Traballo en Vigo? Voulle dicir eu: investimento neste Concello este ano para cooperación 625.000 euros; investimento do goberno anterior neste Concello para cooperación 2.200.000 euros. Temos menos en cooperación que concellos como Mos, Gondomar ou Porriño.

Tamén lle digo, Sr. Fidalgo, que estes parados son do Sr. Feijóo, deses 240.000 parados que ten en Galicia e ademais nos dixo que en corenta e cinco días nos sacaba da crise e que remataba co paro nesta comunidade autónoma. Agora somos a peor segunda comunidade de todo o Estado en datos de desemprego. Onde están os cartos para 300 desempregados e desempregadas que lles

correspondería estar hoxe traballando neste Concello? Débenllos vostedes.

Repito que me pregunto que é o que fan a Xunta de Galicia e a Deputación para potenciar aos nosos sectores comerciais, hostaleiros, de restauración e tamén que fan para manter o emprego.

Temos outro dato de onte, das vendas desta fin de semana: “Os comercios colgan o cartel de completo” e tamén di que está a ser unha das mellores fins de semana de vendas nestes últimos tempos. Pregúntese como miran vostedes a botella, se medio chea ou medio baleira.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Domínguez Olveira, isto é o presuposto de Comercio de 2010 respecto ao de 2011, o ano que van baixar o presuposto de Comercio nun 75%. A realidade é de catro millóns a un millón de euros, iso si que é un recorte.

Vostedes falaban de que as aperturas multiplican por catro os peches. Non sei en que cidade viven vostedes. Vostedes confunden as altas no IAE. Se eu por exemplo tivese un salón de peiteado e estou de alta no IAE de salóns de peiteado, logo podo darme de alta no IAE de comercio de material de peiteados; se estou nun comercio de alimentación podo darme de alta noutro IAE. Diso é do que fala, de IAEs, porque os comercios que quedan teñen que se buscar a vida e vender e traballar máis para conseguir moita menos recadación.

Ese mesmo informe tamén di o seguinte: “No último semestre volveron baixar as vendas en máis do 75% dos establecementos” e iso que xa baixaron as marxes de media en máis dun 50%. As marxes dos comercios que quedan baixaron máis dun 50% e aínda así o 75% dos comercios perderon vendas.

Vostedes aos comerciantes que quedan machúcanos a impostos. Dende que está o Sr. Rodríguez Zapatero a luz subiu máis dun 30%. Este ano subiu dúas veces, 2,6 en xaneiro, 4,8 en outubro, máis o 2% do IVE que pasou do 16% ao 18% e o comercio e a hostalería teñen que pagar luz, Sr. Domínguez Olveira, e é un gasto estratéxico para o comercio.

En Vigo había máis de 7.000 comercios e a realidade é que agora estamos en 5.800. Iso son 1.800 comercios menos. Logo hai comerciantes de primeira e de segunda, no alumeado do Nadal vímolos que é pobre e insuficiente, hai rúas de

primeira e de segunda, rúas coma Areal, Torrecedeira ou Martínez Garrido sen unha triste luz de Nadal. Dentro de algunhas rúas hai os de “Villa Arriba” e os de “Villa Abajo”, en Sanjurjo Badía a partir dunha zona os pobres non teñen luz, os de abaixo si que a teñen; en García Barbón ata unha parte si, a outra non.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Fidalgo Iglesias, en demanda de defensa e apoio ó sector do comercio e a hostalería, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2.-(306). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO A DEFINIR O EMPRAZAMENTO DA BIBLIOTECA DO ESTADO EN VIGO. EXPTE. 82/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de novembro, expediente 82/1101, a concelleira do Grupo municipal do PP, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

“Temos debatido amplamente neste Pleno sobre a biblioteca estatal en Vigo. Desde agosto de 2007 o Ministerio de Cultura espera, para dar comezo ao proxecto, que o goberno local defina onde. Fixéronse moitas propostas, ningunha prosperou, como ben recoñeceu o propio Alcalde. Perdéronse partidas orzamentarias do Estado asignadas á biblioteca. Está a punto de rematar a lexislatura pero aínda non se decidiu a situación definitiva.

É por isto, que o grupo municipal do PP vese na necesidade de insistir e lembrar, ao Pleno da Corporación, do risco no que se está a poñer esta nova infraestrutura cultural para a cidade, e da necesidade de:

Que o goberno local defina o emprazamento da biblioteca do Estado en Vigo.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de novembro, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SRA. LARRIBA LEIRA: Quero utilizar dous argumentacións que se deron ao longo deste Pleno porque coido que ademais veñen apoiar ao que instamos nesta moción que é que se defina o emprazamento da biblioteca do Estado en Vigo.

Unha delas deuna o Sr. Calviño cando dicía que Vigo é unha cidade importante. A outra deuna a Sra. López Atrio cando dixo que non hai que prometer, hai que se poñer a traballar. Completamente de acordo cos dous e teño que lembrar aquí que a ningunha cidade importante de España lle falta unha biblioteca do Estado e que efectivamente non hai que prometer senón poñerse a traballar porque dende agosto de 2007 o Ministerio de Cultura está esperando deste Goberno que defina un lugar para emprazar a biblioteca do Estado.

As ofertas que se fixeron dende o Concello non foron suficientemente claras. A primeira ocasionou un conflito entre o Alcalde e o seu socio de goberno entre Cluny e o Areal. A segunda xerou un conflito entre o Concello e a comunidade educativa da Escola de Artes e Oficios. A terceira xerou un problema xurídico relacionado coa titularidade do edificio. E a actual, a Panificadora, vai xerar un conflito cos vigueses que xa maxinan o moito que vai custar ás arcas municipais a recuperación deste edificio.

Pero é que ademais esta última proposta supoño que xera un conflito co propio Alcalde porque bota por terra o plan que tiña proxectado o Sr. Moneo. Supoño que este plan quedará no que coñecemos todos que é unha maqueta que supostamente poderá engordar os fondos do futuro museo da cidade, coma aqueles planes que se proxectaron pero que nunca foron realidade.

O que si sabemos con certeza son os cartos que xa se perderon. Vanme permitir que faga un breve relatorio.

No presuposto que o Estado aprobou para 2009 estaba previsto que se investiran nese ano 1.350.000 euros que xa denunciámos o ano pasado que se perdían, coma así foi, perdéronse. Vese que o Alcalde e este Goberno non foron quen de afianzar, de comprometer ese investimento que si estaba disposto acometer o Estado español. Non definiron un local, non foron quen de ver o contorno de crise no que estaba envolvida España e que polo tanto arriscar ese investimento era

moi grave e efectivamente así perdemos no ano 2009, como dixen 1.300.000 euros.

No presuposto deste ano vese claramente que o Estado xa tentou manipular os datos e aparece un investimento total para a biblioteca moi aumentado con respecto ó do ano anterior pero tamén imos aumentando os anos de execución, primeiro eran catro anos, logo cinco e actualmente xa van ser en seis anos.

Foi unha manipulación porque aínda que o investimento total aumentou, a partida destinada para executar este ano eran 40.000 euros, un investimento moi inferior ao perdido no ano anterior. Pero é que neste intre, no mes de decembro, sen ter unha situación para a biblioteca, perdemos de novo este investimento de 40.000 euros.

Con isto só quero dicirlles cal era o compromiso e o que consideramos que é unha perda de peso político do Alcalde en relación ao Goberno do Estado. Fíxense cales foron os investimentos en materia bibliotecaria do Ministerio de Cultura en 2010. O Concello de Córdoba executou 3.130.000 euros para a biblioteca do Estado fronte aos 40.000 que xa quedaban para Vigo. Como se xustifica isto?

Esperamos que con esta moción deamos un impulso de novo a esta idea para que non quede no saco do esquecemento o emprazamento da Biblioteca do Estado.

SR. MARIÑO MENDOZA: Si é certo que Vigo merece unha biblioteca do Estado pero tamén deben saber todos os cidadáns que é a única cidade que non é capital de provincia que vai contar con ela e ese é o dato importante.

Non entendo e non me queda moi clara a súa moción porque nos di que se defina o emprazamento da biblioteca pero na súa exposición de motivos di que é a Panificadora, por iso non acabo de ter moi claro se a moción é de trámite, é para encher o cota ou para que é.

Parece que tampouco se decataron de que trouxemos ao Consello da Xerencia e a este Pleno a suspensión de licenzas e o inicio da modificación da parcela da Panificadora, que por certo vostedes non votaron a favor e iso tamén é importante.

Non propoñen absolutamente ningún emprazamento. Falan de que a Sra. Porro xa

pedira... Eu pídome os próximos mundiais de esquí non vaia ser que alguén nolos dea e xa direi eu que era unha petición que fixera. O importante é o que se fai para conseguila e non o que se solicita para esta cidade.

Fala do financiamento. Lembro aquel Pleno e vostedes xustificaron que non votaron a favor desta proposta e agora nos fala dos vigueses, de como se vai pagar este emprazamento. Espero que o Partido Popular poña aí toda a carne no asador. Sinxelamente con que a Deputación achegue a metade do que achegou para o campo de fútbol de Pontevedra sería máis que suficiente. Non digo que non haxa que facer o campo de Pontevedra, pero si digo que se se pode facer ese campo malo será que non se poda axudar a mercar unha parcela para situar unha biblioteca do Estado.

É máis, co 10% desa mal chamada Cidade da Cultura, coido que mesmo co 5%, ese proxecto que cando se inaugure xa terá casco vello cos anos que leva, seguramente tamén e espero que o Partido Popular, tanto dende a Xunta de Galicia como da Deputación, afronte os compromisos por unha vez sinceros con esta cidade e tendan a súa man.

A verdade é que vostede nomea Cluny ou Areal; podo garantirlle que dende esta administración nunca se propuxo o emprazamento en ningún deses lugares. Busque vostede na hemeroteca palabras deste Alcalde ou deste concelleiro; outra cousa é o que titulasen os medios pero nunca houbo declaracións. Todos os demais emprazamentos que se foron estudando anunciáronse porque nunca agochamos nada.

Coido que nestes momentos a postura deste Concello é clara cando se inicia o proceso de modificación do Plan Xeral para poder expropiar a parcela e que todos os cidadáns, ademais de recuperar un edificio emblemático para esta cidade, poidan gozar do mellor emprazamento para a biblioteca.

Fala de que contradí o plan Moneo. Agora entendo por que se opoñían a el, non o viron porque o proxecto de Moneo non contempla a parcela da Panificadora, a maqueta está abaixo, poden vela todos os veciños. O que lle podo garantir é que non toca esa parcela porque non se vai facer unha intervención nunha parcela que a día de hoxe é privada.

Falan vostedes de proxectos irrealizables. O proxecto de Moneo realizarase pero

me gustaría saber onde está o prato voante do Sr. Figueroa, onde está o multiusos de Samil que tamén nos trouxeron e o da “Colina encantada” que estaba tan encantada que nin se veu. Eses eran todos proxectos do PP. Lembro aínda cando se rían porque o AVE ía chegar en túnel directo, lembro que o Sr. Figueroa ofreceu un churrasco que aínda non vimos. Agora xa non falan de se o AVE chega en túnel ou non, agora xa o ven. Lembro cando o Sr. Figueroa dicía que ía haber que poñer un ascensor. Ese é o grao no que vostedes si que fracturaban á cidade e ademais para os próximos cen anos. Esa era a proposta do Partido Popular.

Nós afrontamos propostas e hai unha enriba da mesa que é seria, iniciouse a modificación do Plan Xeral e vostedes non a votaron. Esa é a realidade.

SRA. LARRIBA LEIRA: Efectivamente estou de acordo con vostede en que este non é un tema de risa nin moito menos. No que teño que insistir é en que este goberno foi completamente ineficaz á hora de ofrecer un emprazamento para a biblioteca.

Non soamente se amosa ineficacia por parte da Alcaldía, senón que se amosa que o Alcalde tampouco ten un equipo que o apoie porque o seu equipo de goberno durante estes tres anos non foi quen de buscar un emprazamento.

Lémbrolle que tiñan proxectado un, modificaron o Plan Xeral para o crear, tiñan o financiamento e a parcela, non se fixo porque vostedes non quixeron. Procuraron buscar outro emprazamento que foi trapalleiro, creou conflito e hoxe, en decembro do ano 2010, seguimos sen ese emprazamento, seguimos perdendo partidas do presuposto estatal nun proxecto que moito nos tememos que corre infinito perigo de non chegar realizarse.

O propio Alcalde recoñeceu publicamente nos medios de comunicación o seu fracaso na xestión deste problema. O propio ex-ministro Molina recoñeceu que se el seguira no goberno esta biblioteca teríase realizado. Moito nos tememos que a política municipal está intimamente ligada á política que se está a facer dende o Goberno da nación e que terriblemente para os vigueses pon en absoluto risco a biblioteca do Estado nesta cidade.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do grupo municipal do PP, Sra. Larriba Leira, instando que o Goberno municipal defina o emprazamento da biblioteca do Estado, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás vinte e unha horas e vinte e seis minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.